

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbese a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 4 de abril de 2024 segundo borrador da sesión de data 30 de xaneiro de 2024.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro

Código do documento	Código do expediente
USG18I034O	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. Rafael José del Barrio Berbel

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Non asistentes con escusa:

D^a. Marta María Iglesias Becerra

C.I.F. P-1503100-H

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás vinte horas (20:00 h) do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro (30/01/2024), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 123 do 25/01/2024, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral do Concello, don Rafael José del Barrio Berbel.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

* BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 12 DE DECEMBRO DE 2023 (doc. USG17I06BT).

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros asistentes (20), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 12/12/2023.

* BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 26 DE DECEMBRO DE 2023 (doc. USG18I0036).

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros asistentes (20), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 26/12/2023.

2.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE USO DE EDIFICIOS E INSTALACIONES DE CARÁCTER PÚBLICO NO CONCELLO DE CULLEREDO.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 18 de xaneiro de 2024, con código de documento UAL18I000Y, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 25/01/2024, que se transcribe no seu literal:

«INFORME-PROPOSTA DE INADMISIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE USO DE EDIFICIOS E INSTALACIONES DE CARCTER PÚBLICO NO CONCELLO DE CULLEREDO, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CITADA ORDENANZA

ANTECEDENTES

No pleno celebrado o día 26 de xaneiro de 2023 aprobouse a proposta de aprobación inicial da “Ordenanza de Uso de edificios e instalacións de carácter público no Concello de Culleredo”.

Con carácter previo, en data 17 de xaneiro de 2023, por parte do Secretario Xeral Accidental emítense informe no que conclúe que o texto proposto para aprobación inicial se adecúa a lexislación aplicable.

Dita ordenanza foi publicada no BOP nº176 de 14 de setembro de 2023, conferíndose un prazo de 30 días de exposición pública co fin de que os interesados poidesen realizar as reclamacións oportunas.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

O 13 de outubro de 2023, tivo entrada por rexistro a única alegación presentada ó texto da Ordenanza, por parte da Asociación Cultural e Veciñal de Orro, transcribíñese a continuación as alegacións formuladas:

“1. O novo regulamento debe contemplar un período transitorio onde as asociacións con convenios vixentes sigan disfrutando destes en tanto non expire a súa validez.

2. O documento debe ter unha redacción máis clara, a actual pode dar lugar a equívocos pola indefinición dos termos e a redacción farragosa. Por exemplo fala de cesión puntual en contraposición a cesión temporal como se a primeira non tivera carácter temporal.

3. Entendemos que esta ordenanza debería comprometer ás partes a unha comunicación que actualmente non se produce. Por exemplo o Concello de Culleredo non realiza xuntanzas coas asociacións para repartir calendario e programar sen solapamentos facendo, de facto, moi complicada a programación de actividades das asociacións.

4. Neste mundo dixital entendemos como fundamental un sitio web na páxina do Concello de Culleredo xunto cunha app móbil que permita comprobar o uso dunha instalación, calquera, do Concello para poder reservala en nome propio ou como representante dun colectivo.”

C.I.F. P-1503100-H

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- En relación co punto primeiro, considerase que debe ser desestimado polos seguintes motivos: coa entrada en vigor da Lei 40/2015 de 1 de Outubro, estableceuse un prazo de vixencia para os convenios. Dito prazo regúlase especificamente no artigo 49 h) 1º; no que se di literalmente : *“Os convenios ós que se refire o apartado 1 do artigo anterior deberán incluír polo menos as seguintes materias [...] h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras: 1º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior”* . A tenor do exposto o texto da nova Lei é clara en canto ó límite de duración máxima dos convenios suscritos pola Administración. A máis do anterior compre facer mención tamén ó disposto na mesma Lei, concretamente na Disposición adicional oitava, que baixo o epígrafe *“Adaptación dos convenios vixentes suscritos por calquer Administración Pública e inscrición de organismos e entidades no Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local.”* no seu apartado primeiro di literalmente:

“ Todos os convenios vixentes suscritos por calquer Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

adaptarse ó aquí previsto no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta lei. Non obstante, esta adaptación será automática, no que se refire o prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49.h)1º) [...]”

Polo tanto por aplicación directa da propia Lei non é posible establecer un periodo transitorio para Asociacións con convenios preexistentes a entrada en vigor de dita lei, postos que os mesmos a día de hoxe carecerían de validez ó ter transcorrido os tres anos de adaptación previstos na lei máis os catro de vixencia dos convenios establecidos no mesmo texto legal.

2.- En canto ó segundo punto da alegación, enténdese que é unha apreciación persoal, unha vez revisado o texto da Ordenanza non se aprecia que poida haber dúbidas sobre a súa redacción. Igualmente, segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de Outubro a Administración podería revisar de oficio ou a instancia de parte calquer cuestión ou dúbida que se poda plantexar por parte dun administrado sobre ó texto da Ordenanza.

3.- No tocante o punto terceiro das alegacións, faise mención a que a ordenanza se *“debería comprometer ás partes a unha comunicación que actualmente non se produce[...]”*. O texto da ordenanza recolle tanto na exposición de motivos como no propio artigo 1 cal é o obxecto da mesma. Sendo a finalidade do texto a *“[...] regulación do uso das instalacións municipais e outras dependencias que teñen a condición de bens de servizo público, a cidadáns, asociacións, entidades públicas ou privadas, para a realización de actividades culturais ou sociais, etc”*.

A sensu contrario, a finalidade da ordenanza non é a de regular a participación das asociacións na xestión municipal, esta materia xa foi obxecto de regulación no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá publicado no BOP nº9 de 14 de xaneiro de 2022, ó cal non se formulou ningunha alegación.

4.- Finalmente no punto cuarto da alegación presentada expónse que dende a páxina web do Concello, e tamén co uso dunha app, se poida consultar a ocupación dos locais. A ordenanza que se ven a publicar regula o uso das instalacións municipais, isto é persoas ou entidades que poden solicitalos, forma na que se debe levar a cabo, dereitos e obrigas do usuarios, documentación a adxuntar coa solicitude. Se ben é certo que na medida do que sexa posible se tenderá a publicación do calendario de ocupación como parte da actividade de difusión das actuacións municipais, xa recollidas e reguladas no artigo 8 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá.

Polo sinalado queda considérase que procede a inadmisión da alegación formulada pola Asociación Veciñal e Cultural de Orro, xa que a Lei 40/2015 de 1

C.I.F. P-1503100-H

de outubro regula explicitamente a duración dos convenios así como a actualización nesos termos dos convenios preexistentes á entrada en vigor da Lei. A maiores que a Administración poida resolver dúbidas puntuais que poidan xurdir en relación coa ordenanza é unha potestade administrativa. En terceiro lugar o obxecto desta Ordenanza é unicamente a regulación do uso das instalacións municipais por calquer persoa ou entidade, non ó réxime de participación cidadá na xestión municipal, que xa foi obxecto de regulación no respectivo Regulamento Orgánico. E finalmente o réxime de publicación das actuacións municipais xa se atopa regulado no referido Regulamento Orgánico.

Enténdese indispensable continuar coa tramitación desta Ordenanza de cara a proporcionar seguridade xurídica ó réxime de uso dos edificios e instalacións municipais que se dilatou no tempo debido ó período electoral e post electoral , tendo en conta ademais que no ano 2023 rematou o prazo máximo legal previsto para as prorrogas dos convenios segundo a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Por todo o exposto, propónse ó Pleno do Concello de Culleredo, órgano competente para resolver a admisión ou inadmisión das alegacións formuladas contra a Ordenanza, se o considera oportuno, que adoite un acordo co seguinte contido:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a alegación presentada contra a Ordenanza de Uso de edificios e instalacións de carácter público no Concello de Culleredo,

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto inicial da Ordenanza de uso de Edificios e Instalacións de carácter público no Concello de Culleredo, que se transcribe a continuación:

(.../...)

Terceiro.- Publicar o texto definitivo da Ordenanza de uso de Edificios e Instalacións de carácter público do Concello de Culleredo no Boletín oficial da provincia.»

De seguido a Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

A concelleira de Participación Cidadá e Deportes fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que regularizar a situación de uso dos edificios e instalacións de carácter público no Concello lles parece necesario pero, habida conta de que descoñecen se a publicación no BOP resultou suficiente para que os diferentes suxeitos xurídicos ou persoas físicas, ás que lle poida repercutir e resultar de aplicación o establecido na ordenanza que se somete a aprobación, foran coñecedores da mesma a efectos de poder facer valer as súas pretensións, os membros do seu Grupo manterán o voto de abstención.

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo está en contra da inadmisión da alegación xa que entende que a veciñanza, con bo criterio, é quen de ver as súas fendas; a verdade é que están bastante sorprendidos pola tramitación desta ordenanza e se preguntan que é o que fai que o goberno municipal adique tanta intención a esta regulación coa cantidade de ordenanzas obsoletas que hai, engadindo como exemplo que lles pareceu divertido aprender en 2023 que unha árbore de 50 cm. de circunferencia está valorada en 9.600 pesetas; engade que o Concello ten ordenanzas como a de medio que datan de tempos previos ao euro, ou a de limpeza de terreos, que é de 1996, ou a de subvencións, que é de 2009, algo que xa trataron no Pleno adquirindo o goberno municipal o compromiso de levar para aprobación en dito órgano, antes do 31 de decembro de 2023, un plan estratéxico de subvencións; pregunta onde anda dito plan porque para todo iso, e para máis que non menciona, o goberno municipal non ten présa ningunha pero para modificar a ordenanza de uso das instalacións municipais ten unha présa terrible que abonda para obviar á veciñanza polo que fai necesario preguntarse o porqué dese movemento despótico.

A pesar de que, segundo a norma, non ten impacto na actividade económica, os membros do BNG pensan que si ten un impacto brutal na actividade social e asociativa e lles parece un despropósito que se recolla na mesma que “poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro”.

Di que o tecido asociativo de Culleredo ten dereito a opinar sobre todo isto porque son os principais interesados; pregunta por que unha ordenanza que afecta directamente ao tecido asociativo do Concello, que ten innumerables implicacións a nivel veciñal, deportivo, cultural, etc., non merece unha consulta pública regulada, onde está a participación cidadá no Concello de Culleredo, se se consultou ao Consello Xeral de Participación Cidadá para a elaboración da ordenanza que se presenta neste punto e se conta coa súa aprobación ou se, pola contra, o goberno municipal actuou igual que cando modificaron o regulamento de participación e actuou ás costas dos veciños; di que está seguro de que clubs, asociacións e agrupacións do Concello de Culleredo terían moito que aportar á ordenanza e pregunta por que non se lles permitiu enriquecela, por que se sitúa no 20 de decembro a entrega da memoria do ano anterior e a planificación a futuro, resultando evidente que as actividades, até as propostas polo goberno municipal no Concello, réxense polo calendario escolar; o club “x” ou a asociación “y” teñen que planificar de xaneiro a xuño e logo de setembro a decembro, outro curso diferente, para entregarlle ao goberno municipal, cando nin o propio equipo de goberno é capaz de facer iso cando entrega as planificacións deportivas no mes de setembro.

Di que a ordenanza fala dun catálogo de instalacións municipais e que desde o BNG teñen solicitado en numerosas ocasións dito catálogo sen que ata o día da data se lles facilitara; pregunta se existe e se é público porque levan moito tempo agardando por el.

Coinciden tamén coa alegación na percepción da redacción farragosa que dá lugar a equívocos e pon como exemplo a indeterminación entre temporal, puntual e continuado.

Atopan moitos baleiros na ordenanza e entenden que, de seguir así, dará lugar a máis problemas dos que pretende solucionar polo que solicitan que se retire e se convoque ao tecido asociativo de Culleredo para unha posta en común, para escoitalos e saber de primeira man as súas achegas, que se convoque ao Consello Xeral de Participación Cidadá, que xa se tiña que ter xuntado o terceiro martes do mes de outubro pero o Sr. Alcalde e o seu equipo de goberno deciden non convocalo de forma sistemática facendo caso omiso da propia ordenanza de Participación Cidadá. Solicitan tamén, se é necesario, que se convoquen consellos sectoriais que acheguen e enriquezan á proposta do pobo e, se se considera preciso, se convoque o Foro ou Observatorio local pertinente.

Unha vez feito todo o proceso, se reformule de arriba abaixo a ordenanza e se someta de novo a unha exposición pública asegurándose de que todos os afectados están avisados, pois un simple correo chega, e finalmente se leve ao Pleno a ordenanza resultante de todo o proceso de participación cidadá para a súa aprobación final.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal Partido Popular, Sr. Pazos Regueiro quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo comparte o expresado polo BNG e que xa en data 17 de xaneiro lle preguntaron á concelleira de Participación Cidadá se falara coas asociacións sobre a ordenanza e non lles contestou polo que reiteran a pregunta xa que eles si faloron coas asociacións e manifestaron non entender a ordenanza pois ninguén lla explicou e non saben o que lles vai pasar; consideran que teñen que votar en contra porque pensan que é necesario que o goberno municipal se sente a falar con todas as asociacións porque teñen moito que dicir á ordenanza pois ao final o que queren é menos burocracia e máis diñeiro e que as subvencións sexan máis claras, rápidas e concisas e se paguen a tempo, e non promesas de subvencións que nunca chegan; pensan que é bo momento para retirar a ordenanza e facela de novo con todas as asociacións sentadas achegando as súas ideas e propostas de futuro para esta cuestión.

Deseguido solicita o uso da palabra a concelleira de Participación Cidadá e Deportes, Sra. Pardo Portos quen, unha vez concedido, dirixíndose ao BNG, di que repite o que xa dixo respecto do Consello Xeral de Participación Cidadá porque este punto é para o uso das instalacións e non se está a falar do Regulamento orgánico de participación cidadá; o Consello Xeral do que falou o BNG vén recollido no Regulamento orgánico de participación cidadá polo que non ten cabida nin obxecto a participación neste caso; quere deixar claro que a ordenanza non fala só de asociacións senón que vai destinada tamén a particulares e ela non ten a mesma información que os grupos que xa interviron con respecto a que as asociacións non coñecen o seu contido; di que non sabe con que asociacións falou o Sr. Pazos Regueiro pero a verdade é que o goberno municipal si explicou a ordenanza e si falou coas asociacións.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez quen, unha vez concedido, di que o Consello Xeral de Participación Cidadá ten voz e voto para fornecer ao Concello de ordenanzas e iso é o que el dixo na súa primeira intervención pois dentro da formulación do Consello Xeral de Participación Cidadá está achegar e incluso estudar e pedir informes e demais, ao igual que todas as asociacións, pois entende que son estas o forte e o que lle dá continuidade á utilización dos edificios municipais durante todo o ano, asociacións, agrupacións e clubs deportivos, un gran tesouro que hai que coidar, e engade que el considera que desde o equipo de goberno non teñen esa consideración; reitera o que dixo respecto de que o Consello Xeral de Participación Cidadá é un elemento enriquecedor que ten que aportar e ten todo o sentido que apareza aquí porque, a pesar de non ter un impacto económico importante, si ten un impacto no tecido asociativo de carácter fundamental que implica incluso ao Concello no desenvolvemento das súas actividades; todos teñen que dicir e todos teñen que aportar e di que iso de todo para o pobo pero sen o pobo quedou moi ben con Luis XIV pero a participación cidadá está regulada cunha ordenanza que aquí non se cumpre, non se cumpre sistematicamente pois non se cumpría hai anos e non se cumpre agora; el o único que di é que esta ordenanza, a eles e ás asociacións coas que estiveron falando, non lles parece resolutive dos problemas que existen agora mesmo no emprego do espazo público do Concello de Culleredo; entenden que non é válida e que a hai que tirar e comezar unha de novo; di que a proposta do Bloque Nacionalista Galego é estar sempre ao lado da xente e para xente e chamar, fornecer un foro de consultas con asociacións e clubs, tirar de consellos sectoriais ou non, logo pasar polo Consello Xeral de Participación Cidadá, que dea o pespunte e ultime iso para logo levalo ao Pleno pois a voz cantante neste tipo de regulamentos, pasando despois o visto e prace do goberno municipal, do pleno e do Concello, ten que ser a xente porque a xente é o importante e a que se ten que autoorganizar porque un club non deixa de ser un espazo de autoorganización de espazos e recursos.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira de Participación Cidadá e Deportes, Sra. Pardo Portos quen, unha vez concedido, di que comparten co BNG a importancia do tecido asociativo no

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Concello pero insiste en que o Consello Xeral de Participación Cidadá non ten materia na ordenanza que se está a tratar neste punto.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que do que se trata é de regular o uso dos edificios municipais tanto para asociacións e clubs como para particulares que os usan para aniversarios e outras actividades sociais; consideran que onde hai persoas debe haber unha regulamentación; fíxose a publicación no Boletín Oficial da Provincia e puidera ser que as canles de participación foran máis amplias; publicouse tamén no portal de transparencia, non sendo para nada intención do goberno municipal menoscabar a extraordinaria labor que fan as asociacións e entidades culturais e deportivas do Concello senón que se trata de regularizar as instalacións de titularidade municipal en aras de que, ante calquera suceso, responsabilidade civil ou incluso penal que puidera haber nas propias instalacións, ter un regulamento axeitado nese sentido; a ordenanza que se propón pon no mapa esa situación, tratándose dunha ordenanza perfectamente aberta a suxestións, unha ordenanza básica, bastante básica, aberta a suxestións que se poderían ir progresivamente introducindo no pleno en función das que puideran facer tanto os veciños a título particular como os colectivos veciñais a título xeral; se a ordenanza non sae aprobada, o Concello estará ante un vacío nese sentido e ante unha situación complexa como pasou no Concello de Oleiros no que houbo un altercado nun aniversario e non se dirimía ben de quen era a responsabilidade; o que se pretendía era regular perfectamente calquera situación que se puidera dar no uso dos locais e edificios municipais; as asociacións que se dirixiron á Alcaldía saben perfectamente o que implica a aprobación desta ordenanza e que non supón para nada impedir o uso dos locais ou edificios senón simplemente renegociar os prazos e os tempos; cada club vai poder seguir usando o seu campo pero hai parroquias nas que hai novas asociacións e o Concello non pode construír un edificio para cada unha delas polo que hai que regular o seu uso da forma máis imparcial posible e poñer un marco legal a ese tema. Di que sería unha mágoa non aprobar esta ordenanza porque ademais é unha ordenanza viva na que se poden facer achegas; trátase dunha ordenanza tipo das que se fan tamén noutros concellos similares a este.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pazos Regueiro quen, unha vez concedido, di que as asociacións piden poder renovar cada catro anos e non anualmente como se está a facer na actualidade polo que o seu Grupo presenta a seguinte emenda á proposta presentada :

“No capítulo primeiro da ordenanza, no artigo 5. Autorizacións e prioridades para acceder ó uso, apartado 2.-, onde di:

“2.- As autorizacións para o uso continuado dos locais municipais en ningún caso terán unha duración superior ó ano natural. Ó final de cada ano, antes do 20 de decembro, toda asociación ou entidade que queira renovar e conservar o seu local ou instalación, deberá presentar unha memoria coas actividades realizadas durante ese ano e un plan de actividades futuras ou obxectivos para o ano seguinte. A non presentación de dita documentación ou o non estar o corrente de pago nos tributos e demais recursos municipais, implicará a perda dos dereitos sobre o local.”

Debe dicir:

“2.- As autorizacións para o uso continuado dos locais municipais en ningún caso terán unha duración superior a catro anos. Ó final do cuarto ano, antes do 20 de decembro, toda asociación ou entidade que queira renovar e conservar o seu local ou instalación, deberá presentar unha memoria coas actividades realizadas durante eses anos e un plan de actividades futuras ou obxectivos para os catro anos seguintes. A non presentación de dita documentación ou o non estar o corrente de pago nos tributos e demais recursos municipais, implicará a perda dos dereitos sobre o local.”

E no artigo 7.- Deberes dos usuarios, apartado h), onde di:

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

“h) En caso de usos continuados, renovar a solicitude de uso da instalación anualmente.”

Debe dicir:

“h) En caso de usos continuados, renovar a solicitude de uso da instalación cada catro anos.”

No caso de que o goberno municipal accedera a dita petición, os membros do seu Grupo cambiarían o sentido do voto para que as asociacións tiveran esa garantía de que durante catro anos non terían que estar planificando as actividades e festas do seguinte ano.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que el considera que non hai ningún problema en establecer a renovación cada catro anos pero que, de todas formas, se tras ser aprobada a ordenanza houbera algún problema llo trasladarían de inmediato. Di que poñer a renovación de ano en ano era porque hai parroquias que medran e contan con novas asociacións e se unha das existentes tivera un usufruto dalgún local as novas asociacións non poderían dispoñer del.

A Presidencia somete a votación ordinaria a proposta presentada.

Solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que a emenda que presenta o grupo municipal do Partido Popular debe ser votada.

O Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), os dos representantes presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (7) e Partido Popular (7).

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), os dos representantes dos grupos municipais Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), e Alternativa dos Veciños (2).

Á vista do resultado da votación a emenda resulta aprobada.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, coa emenda aprobada do grupo municipal do Partido Popular, con catorce (14) votos a favor, os dos representantes presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (7) e Partido Popular (7), catro (4) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, e dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños, o Pleno municipal ACORDA:

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Primeiro.- Inadmitir a trámite a alegación presentada contra a Ordenanza de Uso de edificios e instalacións de carácter público no Concello de Culleredo,

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto inicial da Ordenanza de uso de Edificios e Instalacións de carácter público no Concello de Culleredo, que se transcribe a continuación:

ORDENANZA DO USO DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO NO CONCELLO DE CULLEREDO

- P R E Á M B U L O -

A xestión das cesións de instalacións de titularidade municipal ou sobre as que o Concello ostente algún dereito que, en virtude da lexislación vixente, permita transferir o seu uso a terceiras persoas, configúrase como unha necesidade que o transcurso do tempo non solucionou na súa totalidade. Así mesmo, no marco que regula a cesión de estas instalacións é moito máis complexo que fai anos. É por iso polo que se fai necesario establecer as bases do que son contratos sociais coa veciñanza en xeral, a través dos cales o Concello cede a terceiros as súas instalacións coa única esixencia de que se destine o seu uso a satisfacción das necesidades dos veciños mediante a organización de actividades ou eventos relacionados coa participación cidadá, a difusión da cultura ou o lecer, os movementos veciñais e asociativos ou o deporte entre outros. Así pois, chegou o momento de articular un procedemento áxil e eficiente co obxectivo de normalizar todo tipo de cesións, tanto as que teñen un carácter de permanencia no tempo como aquelas que teñen un carácter puntual; e para iso se elaborou esta Ordenanza que contempla a regulación das diferentes cesións e situacións que poidan darse, dando un trato específico as mesmas o longo do seu articulado. Neste senso, o contido acollido pola presente Ordenanza Municipal divídese en:

- Aspectos xerais comúns a todas as cesións, tales como a regulación do uso e o funcionamento, causas de extinción.
- Aspectos particulares da cesión de instalacións municipais a persoas físicas
- Réxime sancionador.

Polo exposto, e atendendo os fins sinalados e no exercicio da potestade regulamentaria de acordo co disposto no artigo 4.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese a ditar esta Ordenanza Municipal.

TÍTULO PRELIMINAR - Disposicións xerais

Artigo 1. Finalidade e obxecto da norma

1.- É obxecto da presente ordenanza regular as condicións de uso, xa sexa de modo puntual ou temporal de edificios, locais e instalacións municipais polas persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

2.- A efectos desta ordenanza, considerase que as autorizacións permiten o uso común especial dos bens de dominio público, segundo o Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

3.- Así, a presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do uso das instalacións municipais e outras dependencias que teñen a condición de bens de servizo público, a cidadáns, asociacións, entidades públicas ou privadas, para a realización de actividades culturais ou sociais, etc.

Artigo 2. Ámbito territorial e funcional de aplicación.

1.- O Concello acordará a cesión de uso dos seguintes tipos de locais:

- Bens patrimoniais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte.
- Bens demaniais de titularidade municipal susceptibles de autorización para uso en todo ou en parte.
- Bens de titularidade non municipal, pero sobre os que o Concello ostente algún dereito que, de conformidade coa lexislación vixente permita transferir a súa utilización a outras persoas ou entidades.

2.- As normas do presente regulamento serán de aplicación supletoria, no caso de instalacións que contén con un regulamento ou ordenanza específica, en todo o que non se atope previsto na regulación específica.

C.I.F. P-1503100-H

CAPÍTULO PRIMEIRO.- Normas Regulatoras do uso das instalacións municipais.

Artigo 3. Solicitantes e suxeitos responsables.

1.- Os solicitantes, sexan persoas naturais ou representantes de persoas xurídicas, deberán estar empadroados no Concello de Culleredo.

2.- Consideraranse responsable/s directo/s da/s actividade/s realizada/s nas instalacións municipais ó solicitante da autorización, salvo que acredite a representación que ostenta, en cuxo caso a responsabilidade recaerá sobre o representado.

3.- O solicitante, ou no seu caso o representado do solicitante, será responsable directo dos danos e prexuízos causados a terceiros, polos asistentes a actividade, ben por acción ou omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello de Culleredo.

Esta previsión non se aplicará no caso de que as deficiencias sobreveñan ó local polo efecto do uso e sen culpa dos beneficiarios do uso ou por forza maior.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

4.- O Concello non se responsabiliza das actividades que se realicen nos locais cedidos cando os compromisos asumidos polos solicitantes sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a estes e ó grupo que representa as consecuencias dos seus actos.

Artigo 4.- Solicitudes

1.- Os interesados no uso de edificios e locais municipais deberán obter autorización do Concello con carácter previo. O Concello terá prioridade no uso dos edificios e locais municipais, aínda cando o uso destas instalacións fose cedido temporalmente, debendo avisar ó beneficiario coa antelación mínima suficiente necesaria.

2.- Na instancia farase constar, ademais dos datos preceptivos segundo a Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os seguintes extremos:

- Datos do/s solicitante/s.
- Duración [*días/horas/meses*].
- Lista de actividades a realizar.
- Número de ocupantes.
- Finalidade.
- Motivos de la solicitud.
- Xustificante de ter contratado un seguro de responsabilidade civil.

3.- As solicitudes para facer uso dos locais deberán presentarse, ó menos, con 5 días de antelación a aquel no que se vaia a desenvolver a actividade de que se trate, e cun máximo de 2 meses de antelación a esa data.

4.- O/s solicitante/s de ser persoas físicas, deberá/n presentar a solicitude no modelo establecido para tal fin (anexo I), que se atopará no Concello e na páxina web (<https://www.culleredo.es/>) debidamente cumprimentada, nas oficinas da Casa do Concello ou ben a través da sede electrónica (<https://sedeelectronica.culleredo.es/>).

Se o/s solicitante/s fosen persoas xurídicas, asociacións ou entidades cidadás deberán levar a cabo a solicitude obrigatoriamente por sede electrónica (<https://sedeelectronica.culleredo.es/>)

5.- Previa a concesión da autorización, o órgano competente para outorgala poderá solicitar cantos documentos, informes ou aclaracións complementarias que considere oportuno.

Cando sexan varios os solicitantes da instalación, o órgano competente para a concesión da autorización dirixirase, no transcurso das relacións que poidan

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

derivarse do emprego da instalación, á persoa que se designe expresamente para tal efecto, e no seu defecto ó primeiro dos solicitantes.

Artigo 5. Autorizacións e prioridades para acceder ó uso.

1. A autorización para o uso das instalacións municipais resolveranse pola Concellería que teña asignadas as atribucións en patrimonio da instalación solicitada, con carácter xeral, mediante comunicado directo, que remitirá ós interesados previa comprobación da dispoñibilidade do local e a adecuación do mesmo ó uso previsto.

2.- As autorizacións para o uso continuado dos locais municipais en ningún caso terán unha duración superior a catro anos. Ó final do cuarto ano, antes do 20 de decembro, toda asociación ou entidade que queira renovar e conservar o seu local ou instalación, deberá presentar unha memoria coas actividades realizadas durante eses anos e un plan de actividades futuras ou obxectivos para os anos seguintes. A non presentación de dita documentación ou o non estar o corrente de pago nos tributos e demais recursos municipais, implicará a perda dos dereitos sobre o local.

3.- Se dous ou máis interesados solicitan o mesmo local, para un uso puntual, e coinciden en data e hora, convidaráselles a chegar a un acordo. En caso de non acadarse dito acordo, resolverá o órgano municipal correspondente, de conformidade cos seguintes criterios e segundo a prioridade que se expón:

- a) As autorizacións xestionaranse segundo orde de entrada; contarán con prioridade os actos organizados polo Concello ou por entidades en colaboración co Concello. Así mesmo atenderanse con prioridade as peticións de asociacións rexistradas e actualizadas no rexistro municipal de asociacións, fronte á petición de calquera outros particulares ou entidades.
- b) Terase en conta o tipo de actividades a realizar no local, a súa función formativa e a súa incidencia no interese público.
- c) Terase en conta o período solicitado, e a súa incidencia noutras peticións ou actividades previsibles.
- d) Terase en conta a data de inscrición da asociación no rexistro de asociacións, tendo preferencia as entidades con un maior número de socios en activo, é dicir, o día no pago das cotas.
- e) No caso de non ser posible a asignación mediante o uso dos anteriores criterios, procederase mediante sorteo.

4.- Se dúas ou máis Asociacións ou entidades cidadás solicitan un uso continuado do mesmo local, deberán chegar a un acordo común para establecer un calendario de uso do centro, durante todo ó ano. Informando a Concellería de Patrimonio o acordo ó que se chegou e facilitando copia de dito calendario.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

En caso de falta de acordo común o uso do centro levarase a cabo con alternancia semanal por cada unha das Asociacións ou Entidades cidadás, por orde de antigüidade no rexistro municipal de Asociacións e Entidades cidadás.

En todo caso o Concello conservará o seu uso preferente.

5.- Para a concesión da autorización de uso, o Concello, poderá esixir a constitución dunha fianza en calquera das formas legalmente permitidas. En tal caso, a fianza responderá do cumprimento das obrigas de bon uso e restitución das instalacións municipais a situación anterior ó momento da autorización. Tamén garantirá a indemnización de danos e prexuízos cando deban responder os usuarios dos que efectivamente se produzan nas instalacións cedidas. Tamén responderá do pago das sancións que poidan impoñerse en virtude do presente regulamento.

6.- Na autorización poderanse impoñer condicións particulares en relación co aforo máximo permitido, restricións ó acceso a menores ou limitacións derivadas da normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como calquera outra restrición oportuna para garantir a seguridade pública.

Artigo 6. Uso das instalacións municipais.

C.I.F. P-1503100-H

1.- O órgano competente acordará a autorización do uso das instalacións polo/s solicitante/s. O/s solicitante/s deberá/n encargarse da limpeza e mantemento do local respecto da actividade realizada, encargándose dos materiais de limpeza.

2.- Facilitarase a persoa responsable designada polos interesados, as chaves correspondentes para a apertura e peche dos locais, e serán responsables da súa custodia e da súa devolución nas oficinas do Concello, dentro dos 3 días hábiles seguintes a finalización da actividade. O solicitante da instalación responderá da devolución da chave e absterase de realizar copias da mesma, salvo que sea autorizado por escrito a facelas por parte da Concillería competente. No caso de obtención de copias, todas serán devoltas ó Concello o término do período do uso das instalacións. As chaves deberán recollerse e depositarse nas oficinas da Casa do Concello de luns a venres de 09:00h a 14:00h.

3.- No caso de non ser preciso o uso de chaves, será a Concillería competente a que a avise do emprego da instalación, ó persoal do Concello encargado de calquera dos locais ou instalacións. Unha vez rematado o uso, realizarase unha nova comprobación ós efectos do cumprimento das obrigas dos usuarios establecidas neste regulamento e demais lexislación vixente.

4.- No caso de ter esixido unha fianza para o uso da instalación, unha vez realizadas tódalas comprobacións oportunas por parte do persoal municipal, e verificada a inexistencia de danos e prexuízos e a non procedencia da imposición de ningunha sanción, o Concello no prazo de 10 días procederá a devolución da fianza. No caso contrario, procederá a esixir as responsabilidades oportunas e a fianza destinarase en tal caso a cubrir os danos e prexuízos causados e sancións procedentes.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Artigo 7.- Deberes dos usuarios.

Son deberes dos usuarios:

- a) Respetar os horarios de uso establecidos, de 09:00h a 24:00h .
- b) Coidar dos locais, do mobiliario existente e comportarse co debido civismo.
- c) Poñer en coñecemento do Concello, calquera deficiencia ou deterioro.
- d) Responsabilizarse dos danos causados nas instalacións e nos equipamentos existentes.
- e) Velar pola limpeza e orde das instalacións, a tal efecto, despois de cada uso os interesados procederán a ordenar o equipamento de forma que poidan ser inmediatamente empregados por outro/s solicitante/s.
- f) Non causar molestias ós veciños nin perturbar a tranquilidade da zona durante o horario de uso das instalacións.
- g) Todas as asociacións, agrupacións, persoas naturais ou xurídicas públicas ou privadas que ocupen algunha instalación municipal están obrigados a atender as demandas de actuación que o Concello lles solicite.
- h) En caso de usos continuados, renovar a solicitude de uso da instalación cada catro anos.
- i) En caso de usos continuados simultáneos por varias Asociacións ou Entidades Cidadás respectar a quenda de uso do centro por a/as outra/s Asociacións ou Entidades Cidadás.
- j) En caso de asociacións ou entidades cidadás que suspendan a actividade durante algunha época do ano, deberán entregar a/s chave/s do local ou instalación municipal nas dependencias do Concello, ata que volvan retomar a súa actividade.
- k) Non realizar na instalación cedida ningún tipo de actividade lucrativa nin publicidade mercantil de terceiros, salvo coa autorización municipal correspondente. Entendendo por publicidade toda forma de comunicación que teña por obxecto favorecer ou promover, de forma directa ou indirecta, a compravenda ou contratación de servizos e/ou bens mobles ou inmobles.
- l) Respetar os locais asignados e a outras entidades ou asociacións que compartan o centro sen interferir no normal desenvolvemento das súas actividades.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 8.- Prohibicións.

Constitúen prohibicións no uso de locais ou instalacións municipais:

- a) O uso dos locais para outra finalidade distinta da autorizada.

- b) O uso do locais para actividades que vulneren a legalidade.
- c) O uso dos locais para aquelas actividades que fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia e calquera outra forma de discriminación ou que atenten contra a dignidade humana.
- d) O uso dos locais para aquelas actividades que impliquen crueldade ou maltrato para os animais.
- e) Negar a entrada a calquera veciño do Concello que se interese por unha actividade realizada nun local ou instalación municipal, salvo que a autorización do uso sexa para a celebración de asembleas de asociacións, partidos políticos, xuntas directivas, xuntas de comunidades de propietarios ou similares, en cuxo caso poderase impedir o acceso a persoas que non formen parte das mesmas.
- f) Fumar e beber alcohol no interior das instalacións.
- g) Levar a cabo no centro algún tipo de actividade lucrativa, sin previa autorización por escrito pola autoridade competente e contando con todos os permisos para tal fin.
- h) Manipular aparatos que sexan equipamento dos locais.
- i) Reproducir as chaves de acceso ós locais.
- j) Ceder o uso do local ou instalación a outro usuario sen consentimento do Concello.
- k) Empregar a instalación fora do horario establecido e ou autorizado.
- l) Almacenamento nos espazos autorizados de materiais perigosos, insalubres, molestos ou nocivos, así como bebidas alcohólicas.

Artigo 9.- Obrigas do Concello.

O Concello estará suxeito o cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Conceder o/s solicitante/s a protección axeitada para que poida empregar a instalación, levando a cabo as grandes tarefas de reparación e mantemento que fosen precisas.
- b) Levar a cabo un seguimento dos usos das instalacións.

Artigo 10. Potestades municipais.

1. Este Concello, a través do servizo municipal correspondente, poderá inspeccionar as actividades que se realicen as instalacións municipais, coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións establecidas na autorización e neste regulamento.

2. No caso de usos continuados das instalacións municipais o Concello poderá adecuar o réxime de uso (compartido ou exclusivo) e as condicións ou horarios establecidos, en función de determinados parámetros, tales como novas peticións de uso das instalacións. Estas modificacións levaranse a cabo coa finalidade de adecualos as necesidades ou circunstancias reais de uso dos distintos beneficiarios dun mesmo centro, ou ben con obxecto de determinar o reparto de usos nun mesmo local que ata o momento era empregado de xeito exclusivo por un só beneficiario.

Todo o anterior, coa finalidade de optimizar o uso dos locais e espazos integrantes do catálogo de instalacións municipais susceptibles de ser cedidas en uso e prestar o mellor servizo á cidadanía.

SECCIÓN 1ª.- EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Artigo 11.- Causas de extinción.

A autorización outorgada pode extinguirse por algunha das seguintes causas:

1. Por finalización do seu termo inicial ou das súas prorrogas, nas condicións antes expostas.
2. Por mutuo acordo entre as partes
3. Por renuncia do/s solicitante/s
4. Por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos, previa audiencia do/s interesado/s.
5. Pola realización de actividades non contempladas na autorización de uso ou expostas na solicitude, ou que contraveñan a presente ordenanza.
6. Por disolución da entidade que accedese ó uso.
7. Por necesidade suficientemente motivada do uso do local para a prestación de outros servizos públicos que os requiran. Neste caso o Concello procurará, de común acordo coa asociación afectada, facilitar outro espazo municipal para o desenvolvemento das actividades ou servizos que se viñan prestando na instalación.
8. Perder a condición de asociación inscrita no rexistro municipal de Asociacións.
9. Non colaborar e non realizar actividades de interese para o municipio no período dun ano.
10. Por sanción

Artigo 12.- Carácter non indemnizable das resolucións anticipadas.

A extinción da autorización de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou usuario afectado a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

SECCIÓN 2ª USO DE INMÓBEIS MUNICIPAIS A PERSOAS FÍSICAS.

Artigo 13.- Obxecto

1.- É obxecto desta sección é a de regular as condicións en que os usuarios poderán utilizar os bens inmóbeis do Concello de Culleredo, sexan de natureza patrimonial ou de servizo público, sexan da súa propiedade ou sobre os que ostente algún tipo de dereito que lles permita ceder o seu uso, para eventos, celebracións, actividades lúdicas ou de ocio.

2.- Será de aplicación o texto íntegro da ordenanza en todo o non previsto especificamente nesta sección.

Artigo 14.- Solicitantes e usuarios dos centros

1.- Para ser solicitante da utilización de locais municipais para eventos, celebracións, actividades lúdicas ou de ocio, deberase ter a condición de veciño de Culleredo e ser maior de idade.

2.- No caso de que o local municipal sexa utilizado exclusivamente por menores de idade a solicitude deberá ser asinada polo pai, pola nai ou polo titor dun deles, que asume as obrigas que corresponden ó solicitante e usuario.

Artigo 15. Horarios de uso e aforos:

1. Os inmóbeis poderán ser usados de luns a domingo en horario de 9:00h a 00:00h.
2. O inmóbeis municipais susceptibles de ser usados e os seus aforos serán os seguintes:
 - no galpón da Torre de Celas (de 1 a 100 persoas), e
 - na planta baixa do Centro Social “O Noso Lar” Tarrío (de 1 a 100 persoas)

Artigo 16. Solicitudes.

As solicitudes para facer uso dos locais municipais poderán formularse cunha antelación mínima de cinco días e un máximo de dous meses á data de celebración do evento.

CAPÍTULO II. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

Artigo 17.- Infraccións.-

Son infraccións leves, as seguintes:

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

- a). Ocupar edificios ou locais sen autorización do Concello.
- b). Non manter ou deixar limpo o local.
- c). Causar danos en locais, instalacións, equipos e demais bens mobles que se atopen nos locais empregados, que non superen os 100€.
- d). Non devolver as chaves de acceso ós edificios ou locais dentro do prazo estipulado neste texto.
- g). Realizar actividades diferentes as autorizadas.
- h). Excederse do horario autorizado

Son infraccións graves, as seguintes:

- a). A comisión de dúas infraccións leves no lapso dun ano.
- b). Causar danos en locais, instalacións, equipos e demais bens mobles que se atopen nos locais empregados, que superen os 100€.
- c). Realizar reproducións de chaves sin autorización da Concellería competente.
- d). Negar o acceso a outros veciños
- e). Perturbar no uso pacífico das instalacións a outros usuarios do mesmo espazo.
- f). Quebrantar algunha das prohibicións recollidas no artigo 8 deste texto, nos seus parágrafos: A), G), H) e J).

Son infraccións moi graves, as seguintes:

- a). A comisión de dúas infraccións graves no lapso dun ano
- b) Incumprir algunha das prohibicións sinaladas no artigo 8 deste texto, nos seus parágrafos: B), C), D), F) e L)

Artigo 18.- Sancións.

1. Aplicaranse as sancións por infraccións segundo o regulado no artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
2. Para a graduación da sanción a aplicar terase en conta as seguintes circunstancias:
 1. A reiteración de infraccións ou reincidencia.
 2. A existencia de intencionalidade no autor.
 3. A transcendencia social dos feitos.
 4. A gravidade e natureza dos danos causados.
 5. As circunstancias sociais da persoa infractora.

3. Se concurren dúas ou máis circunstancias das previstas no número anterior imporase a sanción no seu grado máximo. E perderase o dereito ó local, non podendo volver a reclamar o uso de ningún outro local durante o seguinte ano natural.

Artigo 19. Obriga de resarcir os danos causados.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

1. A imposición da sanción é compatible coa obriga de restituír as cousas ó seu estado orixinal.

2. A tales efectos o Concello poderá esixir que se satisfaga o custo da reparación dos prexuízos causados, según valoración debidamente motivada.

Artigo 20. Responsables.

Son responsables das infraccións cometidas, así como das reparacións dos prexuízos causados, os usuarios, as asociacións ou entidades solicitantes que accederon ó uso coa correspondente autorización.

Artigo 21. Concorrenza de sancións.

Incoado un procedemento sancionador por dúas ou máis infraccións administrativas entre as cales haxa unha causa-efecto, imporase unicamente a sanción administrativa que resulte máis elevada.

Artigo 22. Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador tramitarase de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas sobre o Procedemento Sancionador.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Normativa de aplicación.

No que non se atope disposto expresamente nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño e o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955. Igualmente, serán aplicables a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto; Na Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. así como a normativa vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Cesións de uso esporádico previas a entrada en vigor desta Ordenanza.

As autorizacións de cesións de uso esporádico existentes con carácter previo a entrada en vigor desta Ordenanza, manterán as condicións establecidas na respectiva autorización.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA. Cesións de uso permanentes previas a entrada en vigor desta Ordenanza.

Coa entrada en vigor desta Ordenanza quedan expresamente derogados todos os acordos, convenios e documentos análogos que recoñecesen unha cesión de

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

carácter permanente, que non fosen redactados baixo as esixencias da Lei 40/2015 de 1 de Outubro. Debéndose adaptar os beneficiarios ó recollido no presente texto no prazo máximo dun mes dende a entrada en vigor da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos 15 días dende a publicación do seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña”

Terceiro.- Publicar o texto definitivo da Ordenanza de uso de Edificios e Instalacións de carácter público do Concello de Culleredo no Boletín oficial da provincia.

3.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2024” E APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO DO ANO 2024.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2024, con código de documento UCP18I0014, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 25/01/2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA

PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2024 E APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO DO ANO 2024

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión 24 de novembro de 2023, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2024) no que a este Concello lle corresponden 923.252,65€, coa seguinte distribución

Achega provincial 2024	519.992,87 €
Achega provincial 2023	403.259,78 €

Vistas as bases reguladoras, a memoria do Plan, os proxectos de obra redactados, os informes técnicos sobre os investimentos, a memoria económica da Alcaldía específica para cada investimento financeiramente sostible, os informes de intervención sobre os investimentos financeiramente sostibles e os informes xurídicos sobre a dispoñibilidade dos terreos, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023".

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B) Financiamento de investimentos:

C.I.F. P-1503100-H

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reurbanización da rúa Alcalde Domingo Sierra, Fase 1, dende a glorieta da AP-9 ata a rúa Condes de Andrade	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO	
		Concello

C.I.F. P-1503100-H

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos en Vinxeira (VP-480, VP-460, VP-531 e VP-533)	241.531,04 €	39.465,69 €	0,00 €	39.465,69€	280.996,73 €
Renovacion de la red municipal de alumbrado con tecnología Led y sistema de telegestión en rúa da Liberdade, rúa da Democracia, rúa da Igualdade e rúa da Fraternidade – Mansosol	161.728,74 €	26.426,16 €	0,00 €	26.426,16 €	188.154,90 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0,00 €

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	

C.I.F. P-1503100-H

				(só cando sexa deducible nos abasteceme ntos de auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENT OS	Achega 2024	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €
	Achega 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
D- TOTAL	Achega 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €
	Achega 2024	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €
	TOTAL	923.252,65 €	78.140,77 €	0,00 €	78.140,77 €	1.001.393,42 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
---	---------------------------------	---	--

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Itinerario de vías integradas de conexión entre las parroquias de Culleredo (Santo Estevo) y Celas (Santa María) en el Concello de Culleredo	415.732,41 €	0,00 €	415.732,41 €
--	--------------	--------	--------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

C.I.F. P-1503100-H

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

De seguido a Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

O concelleiro delegado de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos, Sr. Liñares Gestal, fai unha presentación da proposta que se presenta.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que calquera obra que beneficie aos veciños vai ser importante para eles e que é unicamente ese o motivo que lles fai manterse na abstención xa que non se lles deu a posibilidade de poder ter voz na proposta de obras que hoxe se leva a pleno; son moitos os veciños que falan con eles ao longo deses meses e lles trasladan durante a campaña electoral que senten que as súas parroquias nunca, ou case nunca, son as beneficiadas das obras

26 de 86

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

que se levan a cabo no Concello, veciños que senten que realizan as mesmas achegas ao Concello que os demais, é dicir, que pagan os mesmos impostos, e sen embargo, á hora de ver melloras na súa contorna, iso non é proporcional.

Gustaríalles ter voz e voto á hora de elaborar o POS que se presenta hoxe para a súa aprobación porque lles gustaría poñer sobre a mesa e recordar que á hora de levar a cabo melloras no Concello o primeiro que se deba ter en conta é que os servizos básicos se atoparan cubertos.

Non ten xeito, desde o seu punto de vista, que a día de hoxe haxa lugares onde o saneamento, ou o alumado, ou outros servizos de carácter básico, presenten deficiencias importantes e que o Concello estea investindo cartos noutras cousas que, se ben son importantes, non son tan prioritarias ou primarias.

Gustaríalles poder participar para poder velar por unha ecuanimidade á hora de decidir que obras se levan a cabo e que estas obedezan a un reparto equitativo por parroquias para que todos os veciños, independentemente de onde vivan, se sintan representados; di que oxalá esta sexa a última vez que se teñan que abster por ese motivo xa que lles produce unha profunda tristeza que case teñan que suplicar polo que están a perseguir, por aportar e construír conxuntamente, por poñer o seu traballo a disposición dos veciños.

Di que, por outra banda, e en relación coa última obra que se leva ao POS referida polo Sr. concelleiro do goberno municipal, a obra de "Itinerario de vías integradas de conexión entre as parroquias de Culleredo e Celas", lle gustaría que se aclarase o motivo polo cal dita obra deixou de financiarse con fondos europeos, especificamente cos fondos Edusi, e finalmente se trae no POS, parecendo que se perdeu un financiamento que podería ser beneficioso para os veciños deixando baleiro un importe significativo de 400.000 euros para realizar outras obras.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que as obras incluídas no POS son as que cumprían os requisitos para poder incluílas e a obra mencionada pola Sra. Palla Maceiras é unha obra incluída no Plan complementario que se acometerá no momento en que as outras obras ao licitarse deixen marxe para elo e cando a Deputación provincial dispoña dun superávit na licitación; o motivo de non introducila nos fondos Edusi foi que as licitacións neses fondos estaban limitadas a 31 de decembro do 2023, data na que as obras tiñan que estar licitadas e adxudicadas, e a obra referida non acadou todos os informes subsidiarios que se precisan como informe de Patrimonio, Augas de Galicia, e outros, permitindo o POS incluila sempre que ditos permisos estean solicitados aínda que non estean aceptados; ese foi o motivo de metela no POS pero finalmente podería facerse a través dese plan ou doutra forma porque no momento en que conceden o POS complementario a Deputación pregunta se se manteñen as obras previstas ou se quere incluír algunha outra.

Comenta que para o próximo POS haberá que reunirse para determinar que obras se incluírán no mesmo.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que non hai que agardar ao próximo POS para traballar e que lle agradecería ao Sr. Alcalde que canto antes puxera data para reunirse e traballar nesta materia e nas que veñan e non agardar sempre ao último momento porque despois sempre se pode dicir que non hai proxectos suficientes para levar a cabo as obras e non quere que esa sexa a escusa reiterada con respecto a este tema.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o POS (Plan de Obras e Servizos da Deputación) é a principal fonte de financiamento de investimentos despois dos recursos propios, do orzamento fundamental, é dicir, é financiamento alleo que chega dun organismo supramunicipal como é a Deputación e que, desde que se normalizou o funcionamento co Plan de Obras e Servizos en función dun polinomio que ten en conta distintas particularidades de cada

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

Concello, asina unha cantidade moi similar dun ano para outro que, no caso de Culleredo, ronda o millón de euros; a Deputación cada ano anticipa ao Concello de Culleredo a cantidade asignada de forma que o Concello, no momento en que coñece a cantidade exacta, pode adaptar o número de proxectos que quere financiar con ese financiamento e ten que presentar dunha forma moi estrita, porque a Deputación é moi estrita coa xustificación dos fondos públicos, aqueles proxectos que teñan todas as cuestións validadas, tanto que o proxecto estea redactado por técnico competente como que conte con todas as autorizacións urbanísticas, de afectacións varias, etc.

Esta contextualización serve para saber que isto non é algo que apareza por sorpresa xa que é algo que hai todos os anos e que se determina desa forma polo que o goberno municipal pode solicitar a colaboración da oposición desde que se publica, e incluso antes de publicarse, porque xa se saben as datas aproximadas e xa se sabe que vai haber ese compromiso todos os anos; o goberno municipal debe contar coa oposición porque neste momento está a pedir o voto para a súa aprobación; o día 9 remata o prazo para a súa presentación diante da Deputación, no Rexistro, dos proxectos que se queren financiar con cargo a este recurso, e ao BNG non se lle consultou nada e polo que vén de dicir a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, a eles tampouco, seguindo enrocado o goberno municipal na súa postura de gobernar como se tiveran maioría absoluta, sen importarlle nada; di que quere puntualizar sobre o comentario feito pola compañeira de Alternativa respecto de solicitar que non se agarde ao último momento para presentar as propostas xa que considera que o goberno municipal non vai cambiar porque isto forma parte dunha estratexia, do modus operandi do equipo de goberno, presentando no último momento unhas obras dicindo que non hai outras que cumpran os requisitos esixidos e “ou arre ou so” porque é o único que hai.

Non se trata de votar en contra das obras que se presentan porque todas son necesarias pero se trata de priorizar e determinar que prioridades van diante doutras; o BNG presentou propostas para incluír no orzamento que aínda non hai; xa se está no 2024 e o goberno municipal non ten ningunha intención de presentar o orzamento; para o BNG era prioritario cumprir cos servizos básicos; a rede de alcantarillado en Culleredo ten que estar completa no século XXI, iso é prioritario e hoxe na sesión está de novo a xente da Rúa Míguasas que entre outras cuestións está demandando o saneamento, sendo vergonzoso que se teña que estar reclamando isto no século XXI.

Outra das cuestións solicitadas polo BNG era respecto da seguridade viaria, en dous puntos moi concretos que son responsabilidade municipal desde que se aceptaron e se incluíron como viarios municipais, e refírese a N-550 á altura do cruce do Portádego onde hai accidentes reiteradamente cando o goberno municipal, nesas notas triunfalistas que envía á prensa, dicía que xa estaba todo listo e agora se ve que non hai proxectos que digan que todo está validado; non é só que sexa inexplicable senón unha contradición do goberno municipal pois se dixo que estaban validados os proxectos tanto desa rotonda como da que hai na AC-213 que vai de Almeiras coa Rúa Pablo Picasso, na que tamén hai numerosos accidentes, un estes últimos días; para eles eran esas as prioridades e hai que consensualas pero ao goberno municipal iso lle dá igual, saca o tema do día sen proposta de futuro ningunha e ata a próxima.

Poderíase votar por separado cada proposta pero vai todo en paquete; dise que hai proxectos redactados e non hai nada, froito de facer os proxectos a golpe de contratos menores de 17.500 euros, esgotando sempre, inexplicablemente, o límite máximo para o contrato menor independentemente de si o contrato é para un edificio ou para asfaltar unha rúa. Poderíase estar facendo unha planificación e un contrato anual para a redacción de proxectos pero non lles interesa porque así van escondendo o balón.

O goberno municipal presenta un proxecto que se ía financiar con fondos europeos; fíxose no seu día unha grande celebración por ter conseguido preto de catro millóns e medio de euros para proxectos que tiñan que cumprir unhas determinadas liñas moi estritas que moitas veces rompían dalgunha forma a determinación de prioridades porque había que priorizar aquelas liñas de actuación que pedía a Unión Europea para poder acollerse a eses financiamentos; o proxecto do que está a falar, que ía con cargo aos fondos Edusi, igual non era prioritario, pero podía cumprir as liñas establecidas; agora vese que ese proxecto xa non vai con cargo a eses fondos polo que hai

28 de 86

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

que deducir que se perden e que o goberno municipal foi incapaz de executar ese proxecto e non sabe se outros máis porque calquera que bote un ollo á páxina CulleredoVivo vese que se fala de proxectos como descontaminar a Cross outra vez e moitos proxectos máis que non se chegaron a facer, incumprindo os obxectivos previstos, e algún día haberá que falar tamén do que están a dicir os técnicos da Unión Europea respecto do que está a comentar.

Por outro lado, hai un proxecto que hai que metelo nun financiamento ordinario, ou case ordinario, porque non se deu metido co financiamento extraordinario e eses cartos poderíanse estar dedicando ás outras cuestións das que falou fai un momento.

Outra cuestión é a insistencia de cambiar o alumado existente por Led; lle parece importante facer un aforro dun investimento en aforro enerxético pero hai outras vías para facelo e pon como exemplo o Concello de Carballo que cambiou todo o seu alumado a Led cun contrato cunha empresa ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos) e dunha atacada xa hai máis de 5 anos ten completo o cambio de alumado a Led e a maiores instaláronse farolas onde non as había e ademais xa está amortizado; o goberno municipal insiste en destinar financiamento que podería estar para outras cuestións a unha liña que xa podía estar financiada e amortizada xa hai tempo; ao goberno municipal lle dá igual, poñendo de manifesto que pasa tanto das propostas da oposición como das propostas veciñais e pregunta se algún veciño pediu cambiar o alumado a Led.

O goberno segue na mesma liña.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal podería estar de acordo coa exposición feita polo Sr. Chouciño pero hai que matizala xa que a lexislatura vén de comezar e no 2023 empezouse a traballar no mes de xuño, despois das eleccións municipais. Está completamente de acordo co que vén de dicir a voceira de Alternativa dos Veciños e, con certas matizacións, está de acordo tamén co exposto polo voceiro do BNG. O Plan de Obras e Servizos da Deputación provincial ten unhas particularidades e as únicas obras que neste momento había con proxecto e que cumprían todos os requisitos son as que se recollen na proposta; hai outras obras que xa contan con financiamento e tras a incorporación de remanentes doutros anos vanse acometer porque non se puideron acometer antes ao carecer de todos os informes necesarios para poder presentalas no departamento de Contratación e no Perfil do Contratante; hai que contar coa oposición tal como se indicou e na reunión previa á comisión informativa a oposición fixo achegas moi positivas cara ao futuro do Concello, tanto por parte de Alternativa dos Veciños como o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego.

Desde a entrada no Concello de Culleredo desde O Portádego ata A Corveira xa hai un proxecto en marcha para facer a obra pero a rotonda ten unhas particularidades que a nivel dos enxeñeiros son bastante complexas; o Sr. Chouciño Garrido xa sabe que nun dos plenos que se fixo hai un par de anos presentouse unha consignación presupostaria, cre recordar que duns 800.000 euros, para comprar a parcela que está a carón de Radio Culleredo e poder facer un aparcamento nesa zona e a rotonda indicada polo voceiro do BNG; xa está incluída no orzamento e, na incorporación de créditos, cando se faga a liquidación do orzamento que terá lugar nos próximos meses, xa se poderán incluír todas esas obras que xa están; a lexislatura rematou no ano 2023 e o goberno municipal fixo proxectos para ese ano, habendo outros que están en marcha; as achegas feitas pola oposición non puideron entrar no POS que se está a debater porque non cumprían os requisitos esixidos pero son achegas que van en consonancia co que solicita a veciñanza.

Respecto do problema de saneamento é certo que a empresa concesionaria dese servizo, que está en vigor ata o ano 2031, xa ten un estudio pormenorizado das zonas nas que se pode poñer inmediatamente e naquelas nas que so se pode poñer a través de bombeos; xa están todas identificadas e hai xa asistencias técnicas traballando neses proxectos e tamén nos pre-estudios, nos anteprojectos de saneamento, como acontece en Boedo ou Bregua; hai casos nos que hai que conveniar con concellos limítrofes, como pode ocorrer en Castelo, para poder aproveitar estacións de bombeo que teña o Concello de Carral, ou estacións que poida ter o Concello de Cambre, e viceversa; na incorporación de crédito de presupostos doutros anos hai unhas partidas que se

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

consideran suficientes para facer esas obras; algunha xa se fixo na parroquia de Orro pero hai proxectos complexos porque ás veces as cotas e a propia complexidade das obras que hai nalgunhas parroquias dificultan o paso das niveladoras, dos topos, etc., porque poñen en risco algunha das edificacións e hai que facer proxectos máis personalizados.

No plan lumínico hai dous proxectos que se poderían presentar, un na N-550 que é unha das estradas na que máis luminarias hai e que hai que pasar a Led, contemplándose a posibilidade de facelo a través do IDAE, dos fondos do Ministerio de Medio Ambiente, con subvencións que hai anos non se podían solicitar porque o criterio de Intervención, e a confusión que había nas propias bases, era que había que facer unha retención de crédito que case hipotecaba o investimento do Concello; están a traballar nas ESEs que ata agora non lles parecía un sistema seguro e lles parecía unha forma de privatizar o servizo de alumeadado público pero agora, tendo en conta a subida da enerxía eléctrica e ao non ter fontes para paliar e abaratar os custos da enerxía, vense na necesidade de encargar un estudio previo para, nun concello de Galicia dos que máis puntos ten, facer ese estudio pormenorizado, sendo probablemente o sistema que se escolla o modelo mixto que teñen no Concello de Carballo, cambiando as luminarias pero facendo ben os pregos para que non ocorra o que ocorreu noutros concellos nos que fixeron uns contratos de calquera forma e, ao rematar o contrato, aos catro anos se vían coas luminarias estropeadas e as empresas dando en quebra, tendo que facerse cargo o Concello dun dobre investimento.

Todo o que se invista con recursos propios vai abaratar a contratación da ESE como así indican todos os estudos dos enxeñeiros industriais que contrataron nese sentido; os investimentos non son en vano e mellorarán todo o que se faga despois, cando se contrate unha ESE para que se encargue en Culleredo de todo o que é o alumeadado e de xestionar o servizo a un custo rendible a modo de investimento para o Concello e rendible tamén para os veciños.

A Urbanización Manso-Sol ten outras particularidades porque non se trata só de cambiar os Led senón tamén os báculos porque están estropeados, están rotos, porque faltan luminarias e neste caso hai que facer un investimento distinto ao indicado que si é unha proposta acertada e van intentar que algunha empresa sería faga ese estudio previo.

No que respecta ao dito das obras que se presentan di que sinte non ter trinta proxectos para presentar a tan só sete meses das eleccións municipais porque a totalidade de proxectos que tiñan, dunha forma ou doutra, xa teñen unha consignación presupostaria e non se puideron levar ao perfil de contratante porque faltaba algo necesario; o motivo polo que non se puideron contratar algúns dos que ían polo Edusi foi que non contaban con todos os informes favorables de todos os organismos que están implicados, as veces de forma subsidiaria, xa que por Culleredo pasa o oleoducto, o gaseoducto, liñas de media e alta tensión, o aeroporto, Costas, Patrimonio, unha serie de informes que non se poden omitir e que en moitas ocasións ralentizan a contratación do Concello; noutros concellos non teñen que pedir tantos informes subsidiarios; en Culleredo as únicas obras que había con todos os requisitos para ser presentadas no POS eran as que se recollen na proposta.

Di que é necesario consensuar as propostas con todos os grupos para poder redactar o próximo orzamento e especialmente co que debera ser socio natural do PSOE, o Bloque Nacionalista Galego, e facer un proxecto de futuro con todos os investimentos; durante o ano 2024 hai máis posibilidades para levar a cabo os investimentos propostos; noutros anos unha parte importante deste programa se destinaba a gasto corrente e neste ano non houbo ningunha mala intención traendo as propostas que se presentan e non se obvian en ningún momento as achegas dos grupos da oposición, pero non deu tempo a incluílas no POS.

Insiste en que as achegas dos grupos son moi positivas para o futuro do Concello e das veciñas e veciños e serán tidas en conta chegando a acordos ou en proporción á representatividade de cada Grupo na Corporación.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo estivo mirando no Portal de

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

Transparencia os contratos menores e atoparon un gran listado de contratos menores que amosa que se gastaron case 300.000 euros en solicitar proxectos como aparcadoiro en superficie en Costa da Lonxa, Rehabilitación e mellora do firme na rúa Río Cha, Rehabilitación e mellora do firme na rúa Río Cancean, Proxecto centro emisor Radio Culleredo, Melloras pavimentos e de sinalización, engadindo que algúns destes proxectos carecen de nome completo e pide que se subsane para saber exactamente a que obra se refiren.

Ven interesantes moitos dos proxectos solicitados pero botan en falta outros que a cidadanía demanda e o seu Grupo demandou e levou no programa electoral; se a reunión que houbo do goberno municipal cos grupos da oposición tivera sido antes poderíanse ter en conta as propostas presentadas e ter agora para o POS as solicitudes que se fixeron; reitera, ao igual que fixo Alternativa e o BNG, que se consensúen as propostas con tempo suficiente antes do Pleno para poder pedir o seu apoio porque hai proxectos de sobra que poderían interesar máis como o saneamento nas parroquias do rural ou o asfaltado de numerosas rúas e non ter que aceptar simplemente as obras que presenta o goberno municipal.

Noutro orde de cousas quere comentar que teñen un listado dos investimentos do 2023 e non todos teñen dotación presupostaria porque estaban cun crédito de sete millóns e medio que se ía solicitar e agora quedaron co remanente de dous millóns e medio que foi ao pleno do mes de outubro; preguntaron en varias ocasións que partidas dese listado van ter consignación presupostaria e aínda non se lles respondeu.

En terceiro lugar queren saber por que se antes se empregaba a achega a gasto corrente este ano non o fan pois iso permitía aumentar o investimento sen os requisitos e a xestión administrativa que conleva o POS; pregunta que cambiou este ano porque lles fai sospeitar que non se vai traer o orzamento xa que a finais do mes de xaneiro non presentaron nin un borrador.

Un ano máis Culleredo quedou sen investimento en saneamento nas parroquias do rural, sen aparcamentos en zonas urbanas, sen a glorieta do Portádego, investimentos que eles consideran moi necesarios e demandados polos veciños.

O seu Grupo o ten claro e non vai votar nunca en contra de cartos doutras administracións que cheguen a Culleredo e por iso se van abster neste punto por ser proxectos beneficiosos para os veciños pero que seguen sen consensuar previamente coa oposición executándose ademais de maneira lamentable porque é lamentable que moitas destas obras do POS sigan sendo un brindis ao sol, amosando o goberno municipal que non ten capacidade para executar proxectos con partida presupostaria asignada.

Queren aproveitar este punto para falar da cuberta do polideportivo de Tarrío. A cuberta de Tarrío é unha obra do POS do 2021 e aínda está sen licitar; o goberno municipal coñece as necesidades dos clubs deportivos e continúan sen facer nada por darlles solución a esas necesidades e aos problemas cos que se atopan; licitouse a obra e se adjudicou pero a acta de replanteo foi negativa porque o proxecto non recollía o estudo do estado da estrutura da cuberta; a empresa adjudicataria contrata ese estudo e o informe indica que hai que reforzar a estrutura pero, sorprendentemente, a obra segue sen poder empezarse porque o Concello queda sen dirección de obra e tarda un ano en subcontratala; finalmente non se chega a un acordo coa empresa polo novo custo que supón e esta renuncia pedindo indemnización polo atraso e polo incumprimento de prazos por parte do Concello. O peor é que desde o momento en que a empresa renuncia o goberno municipal segue sen facer nada pois nin volven sacar a licitación nin lle exixiron ao redactor do proxecto a subsanación dos defectos; lle pregunta ao goberno municipal a que agarda para actuar e se se perderán tamén esos 600.000 euros por non ser capaces de gastalos a tempo.

Coa cuberta das Brañas pasa máis do mesmo, unha obra do POS do 2019 ou 2018 na que, no pleno celebrado o 31 de outubro, pedíronse responsabilidades xurídicas e non souberon nada máis do tema nin que pasou coa empresa redactora do proxecto nin coa empresa que executou a obra, polo que solicita información de como está esta solicitude.

Unha das obras que presentan á convocatoria do POS demostra que tamén se perderon os fondos EDUSI de Europa, calculando que se perderon sobre un millón e medio de euros por non ser

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

capaces de executar unhas obras no tempo marcado xa que, como lle dixeron á compañeira de Alternativa dos Veciños, non era a licitación a 31 de decembro senón que era a execución da obra a 31 de decembro.

O Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que a 31 de decembro tiña que estar efectuado o pagamento da obra.

A Sra. García Gorostizu di que para estar pagada ten que estar executada.

O goberno municipal presenta ao POS un proxecto de vías integradas que estaba dentro do proxecto de fondos Edusi, véndose como xa renuncian a ela; pérdese un millón e medio de fondos europeos pola incapacidade do Sr. alcalde e do seu concelleiro de Obras que na comisión non sabía nin por onde lle daba o aire; unha boa mostra do que vén de dicir é que o Sr. Liñares na comisión descoñecía que un dos proxectos agora incluído no POS tiña financiamento europeo.

Coa perda dos fondos Edusi pérdese tamén o financiamento para obras do calibre do Centro Social dos Olivos, que quedou tamén sen executar aínda que se licitou en novembro, as melloras en accesibilidade do centro cívico de Orro ou o proxecto de vías integradas do que falou que non poderán ser financiadas con fondos europeos por non ter sido executadas as obras antes do 31 de decembro do 2023.

Para rematar e para que o goberno municipal vexa que non falan por falar nin por criticar a súa incapacidade de xestión, queren amosarlle ao Sr. alcalde os datos publicados das licitacións de obras por concellos no 2023; amosa uns gráficos referidos aos euros licitados en obras por habitante dos concellos limítrofes a Culleredo e indica que neles se recolle que Oleiros licita 466 euros, Arteixo 273, Carballo 244, Coristanco 450, Bergondo 348, Culleredo 55; a media dos concellos de Galicia é de 138 euros e a media dos concellos da provincia da Coruña de 145; Culleredo licita 55, datos para que o Sr. alcalde e o seu concelleiro de Obras se vaian para casa.

Anuncia que o seu Grupo se absterá na votación e di que esta non é a maneira de seguir actuando polo que agardan que o goberno municipal tome nota de todo o que vén de dicir e tome medidas para mellorar.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que loxicamente coa abstención anunciada facilítase que se realicen os investimentos que se propoñen e el ten que dar as grazas pero tamén quere matizar algunhas cuestións das apuntadas pois o POS efectivamente ten os requisitos que ten e os datos que vén de achegar a Sra. García Gorostizu posiblemente sexan reais ao 100% pero lle pide que se imaxine como subirán esas cifras unha vez incorporados os remanentes e se licite todo o que está pendente de informe; hai que preguntarse de cando son os proxectos de todas as obras que aparecen licitadas nos listados do 2023 referidos pola Sra. García Gorostizu e cando se puideron executar; Culleredo ten proxectos do 2021 que non se puideron iniciar e puidera ser que no 2024 fora posible licitalos e executalos todos e o Concello que hoxe ten 400 podería quedar en 80 e Culleredo pasar a ter 400; a Sra. García Gorostizu ten razón pero os datos sempre se dan como a un lle interesa; el non vai negar o obvio pero hai que preguntarlles aos concellos que obras son e canto tempo levaban agardando a executarse.

Respecto do polideportivo de Tarrío o criterio que mantiña o responsable do servizo era que a estrutura non soportaba esa obra, discrepando a propia empresa e algúns técnicos municipais; pediuse un informe ao arquitecto que fixo o proxecto de mellora do polideportivo de Tarrío que discrepou do criterio do Concello e, independentemente de que houbera ou non danos estruturais, a obra non se chegou a facer polo impacto tan grande que houbo debido ao incremento dos prezos dos materiais pola consabida guerra de Ucraína; a licitación foi anterior á Lei que permitía o incremento de prezos e o que pedía a empresa adxudicatária da obra era en torno a 300.000 euros sobre 700.000 da liquidación e non se podía facer que entrara dentro das marxes permitidos pola lei de contratos para unha modificación do proxecto; o que quere facer o Concello é licitar o polideportivo de Tarrío; presentouse toda a documentación para non perder os fondos; hai unha

32 de 86

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

partida presupostaria aprobada para o incremento que poidan sufrir as obras polo incremento de prezos de materiais e unha vez que o arquitecto presente as modificacións que lle solicitaron desde o departamento de Medio Ambiente, estarase en disposición de licitar; algo similar sucedeu cos Olivos; parécelle un erro limitar o acceso dalgunhas empresas a facer construcións; ás veces os proxectistas, ao facer os proxectos, limitan as empresas que poden licitar e se lles exige unha determinada clasificación, como pasou co centro de Os Olivos, para o que só se presentou unha empresa que dixo que non podía facer a obra en prazo; no tema do Edusi hai unha asistencia técnica que ten delegada a relación co Goberno de España e con Europa respecto dos Fondos e sobre todas esas obras que non se puideron acometer por diferentes situacións, ás veces totalmente alleas á vontade dos técnicos municipais ou do goberno municipal, hai a posibilidade de substituílas por outras obras xa executadas que cumpran eses requisitos; o que fixo a asistencia técnica, que é a que ten relación con Europa, é presentar unha serie de obras que xa acometera o Concello de Culleredo para telas en conta e non se perdan eses fondos ou se perdan os menos posibles; o nivel de execución do Edusi é moi baixo e, conscientes do fracaso deste programa a nivel de execución, admitiron obras como por exemplo a obra do centro cívico de Celas, solicitándose tamén que se admitiran outras obras, polo que a día de hoxe non sabe cal foi o nivel de execución deses fondos. Pode estar de acordo co exposto polos voceiros da oposición pero non é exacta a súa afirmación, asumindo que a responsabilidade é só súa.

A Sra. García Gorostizu pide que, tal e como xa solicitou noutras ocasións ao concelleiro delegado de Obras, se lle facilite o listado das obras Edusi, especificando cales están executadas e cales pendentes de executar, incluíndo as propostas que poden ser susceptibles dese financiamento.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que con eles non se negociou nada e que se lles chamou a unha reunión na que non se lles dixo en ningún momento que era para falar do POS, sendo o máis sorprendente que en dita reunión non estaba o alcalde, acudindo unha concelleira do goberno municipal e unha persoa que é persoal eventual, cargo de confianza, que carece de voz autorizada; parécelle sorprendente que a unha reunión de grupos políticos o goberno municipal envíe esa representación; o goberno municipal insiste en que as obras que se presentan son as que teñen todo listo e casualmente so presenta catro ou cinco; isto hai que rebatelo cun listado que diga que proxectos están en marcha, que proxectos están concluídos, cales teñen solicitado autorización de Patrimonio, ou Aena, ou Adif, etc. Di que o goberno municipal non amosa nada e pide un acto de fe, recordándolle ao Sr. alcalde que o seu Grupo municipal non ten fe ningunha no goberno municipal.

Lle di ao Sr. alcalde que o BNG non é o socio natural do PSOE e que non vai ser tampouco a súa muleta.

Respecto das prioridades das que fala, lembra algún dos proxectos que teñen ido outras veces e como o goberno municipal, cando tiña maioría absoluta, adicou a totalidade dun POS adicional, medio millón de euros, para un parque de megatirolinas e megatobogáns na Corveira e non valeu de nada que se lle dixera que esa non era unha prioridade; lembra que houbo un proxecto de máis de medio millón de euros para mellorar os viais do Monte Alfeirán que, por non contar coa veciñanza, os veciños están en contra del; di que eses son os éxitos da maioría absoluta previa do goberno municipal e do que parece ser vai ser a liña que siga nesta lexislatura.

O tema do centro social de Os Olivos, do que di o Sr. alcalde que so se presentou unha empresa que non é capaz de cumprir cos prazos, parece indicar que algo está a pasar coa redacción dos proxectos e ao mellor o feito de que se saquen por contratos menores e de que os leven sempre as mesmas persoas leva a que se reiteren e se reincida nos mesmos erros: cubertas que caen, prazos que non se poden cumprir, problema de deseño do proxecto como o do pavillón de Tarrío, etc.; respecto das ESEs di que o Sr. alcalde dixo que tivera que agardar a que este tema tivera solvencia e lle di que el fixo un proxecto das ESEs na universidade e non recentemente e que Carballo fixo un

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

proxecto cunha ESE para cambiar 7.000 puntos de luz; aclara que sempre fai referencia ao Concello de Carballo por dous motivos, sendo o primeiro que é un concello cunha poboación similar á de Culleredo, preto de 30.000 habitantes, e o segundo porque Carballo está na outra punta en canto a que alí goberna o BNG e fai as cousas ben; os 7.000 puntos de luz do ano 2014 tiñan que estar cambiados en 3 anos agardando que no 2025 estea amortizado ese investimento grazas ao aforro enerxético derivado; en Culleredo seguen pedindo fondos deste tipo para cambiar rúa a rúa; respecto do comentado polo Sr. alcalde sobre que deseñar a rotonda do Portádegos é complexo tecnicamente pregunta se esta afirmación está escrita nalgún sitio e hai algunha tramitación seria ao respecto.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o tema da rotonda é o que veu de indicar e non ten inconveniente en que o Sr. Chouciño o vexa; hai un talude pola pendente que ten que o fai complexo; hai unha relación de proxectos na proposta que tiña cuestións pendentes e refire as seguintes:

- Reurbanización da rúa Alcalde Domingo Sierra, Fase 1, desde a Glorieta da AP-9 ata a rúa Condes de Andrade: pendente de informes de Urbanismo que xa hai.*
- Proxecto de senda peonil e ciclista na antiga N-550: pendente de que por fin aclaren en Patrimonio o que queren facer*
- Mellora do entorno dos viarios dos arredores da igrexa de Santiago do Burgo: pendente de informe de Patrimonio e de Renfe, entre outros.*
- Proxecto de mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos en Vinxeira: unha das obras que o equipo de goberno inclúe porque xa están todos os informes pedidos.*
- Mellora da seguridade viaria na avenida de Acea de Ama: xa está para licitar porque antes faltaban uns informes de Adif, de Costas da Xunta, de Costas do Estado e Patrimonio porque había unha afección do Camiño Inglés.*
- Mantemento do centro cívico da Corveira.*
- Proxecto de urbanización na avenida da Coruña e avenida de Galicia, Alexandre Bóveda e rúa Costa da Lonxa: pendentes de informe de Urbanismo, de Patrimonio, da Deputación Provincial para poder licitar.*
- Rexeneración da praza Sagrada Familia en Vilaboa: pediron e enviaron a Patrimonio numerosas solicitudes de informe por estar afectada polo Camiño de Santiago, contando agora co proxecto definitivo para poder licitar estes meses.*
- Mellora da seguridade viaria no entorno do CEIP de Tarrío: tratarase de facer unha senda peonil ata o límite con Cambre; está presentada a primeira fase na Deputación e a segunda fase ía asumir a propia Deputación provincial este investimento.*
- Respecto do Skatepark que se ía facer no Concello de Culleredo, a Xunta ten previsto facer un de similares características e o Concello considerou que era suficiente ter un en Culleredo pero se non fora así hai un proxecto de 358.000 euros para facer un novo skatepark en Culleredo.*
- A creación da vía verde ferroviaria entre Orro e Boedo: pendente de que a revisen en vías verdes e de que se valide por parte do Goberno do Estado, indose o proxecto a un millón e medio de euros; contará con financiamento da Deputación provincial.*
- Melloras da seguridade viaria e servizos en Bregua: unha transformación que vai sufrir esta parroquia.*
- Humanización no núcleo de Orro: proxecto con financiamento que conta con todos os informes solicitados; está en supervisión.*
- Humanización do núcleo de Boedo.*
- Senda peonil de Celas, Monte Xalo e enlace co núcleo de Castelo: obra de aproximadamente un millón de euros que vai unir desde a igrexa de Celas ata o lugar de*

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Xalo e mellorar toda esa zona e as cunetas, ampliando a calzada o máis posible, humanizando de forma similar a como se fixo en Peiro; está en supervisión.

- *Mellora da seguridade viaria en Monte Alfeirán: proxecto pendente de facer co POS e pendente de facer algunha supervisión.*
- *Proxecto de renovación de viais en Bregua, rúa Xesto, en Celas, recuperación do camiño de Santiago na zona de Arcebispo Xelmírez.*
- *Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos nas estradas provinciais da DP-3108.*
- *Renovación de prazas en Tierno Galván: pendente de informes de Patrimonio, Urbanismo e cre que tamén de Augas.*
- *Ampliación do local social de Boedo: pendentes dunha negociación con Adif porque é a propietaria deses terreos; hai que tratar de renovar, aproveitando tamén a vía verde, todos os convenios con Adif e con Renfe.*
- *Renovación da rede municipal de alumado a tecnoloxía Led na avenida de Fonteculler.*
- *Mellora da seguridade viaria e renovación do pavimento na rúa Irmáns Suárez Ferrín: está no perfil do contratante.*

O Sr. Chouciño Garrido pregunta se o Sr. alcalde tiña toda a información que vén de referir e non a quixo dar.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que nunca lla solicitou.

O Sr. Chouciño di que todos os anos lle van coa mesma canción.

O Sr. alcalde di que as obras que vén de referir xa teñen financiamento.

A Sra. García Gorostizu solicita que se lles traslade un listado das obras que vén de referir o Sr. alcalde-presidente, indicando con que financiamento contan e se son recursos propios ou non porque non lle parece congruente que se dixera que ao POS non se poden traer máis proxectos porque non cumpren cos requisitos e agora o Sr. alcalde relacione todas esas obras dicindo que están pedidos os informes.

O Sr. alcalde-presidente di que todas as que vén de referir teñen financiamento.

A Sra. García Gorostizu di que por iso lle pide ese listado con referencia á fonte de financiamento porque se non contaran con el, ao estar pedidos todos os informes necesarios, si que poderían ter sido incluídas no POS.

O Sr. alcalde di que todas teñen financiamento.

A Sra. García Gorostizu insiste na súa petición de informe coa relación de obras e a súa fonte de financiamento.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con sete (7) votos a favor, os dos representantes presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE, e trece (13) abstencións, as dos representantes dos grupos municipais Partido Popular (7), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2); o Pleno municipal ACORDA:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023".

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B) Financiamento de investimentos:

C.I.F. P-1503100-H

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reurbanización da rúa Alcalde Domingo Sierra, Fase 1, dende a glorieta da AP-9 ata a rúa Condes de Andrade	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO	
		Concello

C.I.F. P-1503100-H

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos en Vinxeira (VP-480, VP-460, VP-531 e VP-533)	241.531,04 €	39.465,69 €	0,00 €	39.465,69€	280.996,73 €
Renovacion de la red municipal de alumbrado con tecnología Led y sistema de telegestión en rúa da Liberdade, rúa da Democracia, rúa da Igualdade e rúa da Fraternidade – Mansosol	161.728,74 €	26.426,16 €	0,00 €	26.426,16 €	188.154,90 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0,00 €

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	

C.I.F. P-1503100-H

				(só cando sexa deducible nos abasteceme ntos de auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENT OS	Achega 2024	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €
	Achega 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
D- TOTAL	Achega 2023	403.259,78 €	65.891,85 €	0,00 €	65.891,85 €	469.151,63 €
	Achega 2024	519.992,87 €	12.248,92 €	0,00 €	12.248,92 €	532.241,79 €
	TOTAL	923.252,65 €	78.140,77 €	0,00 €	78.140,77 €	1.001.393,42 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
---	---------------------------------	---	--

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Itinerario de vías integradas de conexión entre las parroquias de Culleredo (Santo Estevo) y Celas (Santa María) en el Concello de Culleredo	415.732,41 €	0,00 €	415.732,41 €
--	--------------	--------	--------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

C.I.F. P-1503100-H

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2024

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2024, con código de documento UCP18I0015, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 25/01/2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA

Participación no POS+ADICIONAL 1/2024

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 24 de novembro de 2023, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023". No mesmo a cantidade que se destina a este Concello para o financiamento de gastos sociais extraordinarios ascende a 148.569,39 €.

Vistas as bases reguladoras, o informe técnico dos servizos sociais municipais e o informe de intervención sobre o gasto social extraordinario propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

C.I.F. P-1503100-H

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 <i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>					148.569,39 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €	141.569,39 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

C.I.F. P-1503100-H

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39€	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39€	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

De seguido a Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

A voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o voto do seu Grupo vai ser a favor porque son conscientes da necesidade de reforzo de persoal en todas as áreas do Concello e máis se cabe na área de Servizos Sociais pero queren aproveitar a ocasión para preguntar por unha cuestión xa que o pasado mes de novembro, con motivo do Día internacional contra a violencia de xénero, os traballadores da área adscritos a esa materia amosaron unha serie de deficiencias coas que se atopan no seu traballo día a día e máis en concreto no CIM, no Centro de Información á Muller; pregunta se o Concello se vai acoller ou se xa se acolleu á subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea; en caso afirmativo solicita se informe sobre os parámetros e as vías a seguir porque a finalidade do programa que vén de referir cumpría exactamente co solicitado polos traballadores do Concello respecto de establecer programas de promoción da igualdade entre homes e mulleres e un programa de apoio aos centros de información á muller.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que non conta na sesión con todos os datos pero que non ten inconveniente en facilitar un informe completo co que solicita; entende que o Concello é susceptible de acollerse á subvención referida e neses casos sempre se soen tramitar pero non sabe en que punto pode estar a tramitación nin con que importe pero lle pasará un informe.

De seguido a Sra. Palla Maceiras di que agradece que se lle faga chegar o informe referido pero que se os distintos grupos municipais tiveran a oportunidade de reunirse asiduamente e colaborativamente poderíase poñer esta cuestión sobre a Mesa e falalo anticipadamente sen ter que traelo hoxe ao Pleno.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que é ben curioso que na reunión que mantiveron para falar do POS, e na que basicamente o goberno municipal so quería informar á oposición da súa proposta, unha información coa que xa contaban e que facía soberanamente inútil aquela reunión, fora o BNG o que tivo que lembrar que tamén se convocaba o POS Adicional do que se está a falar neste punto; case 150.000 euros destinados a gasto social que o goberno municipal nin contemplaba na información que trasladou ao BNG e tivo que ser este Grupo municipal o que preguntara polo destino que se pensaba dar a eses fondos, sen saber que responder o goberno municipal, amosando unha vez máis que lles importa mil veces máis o cemento que o benestar social das persoas máis necesitadas do Concello de Culleredo.

Tras ter presentado o goberno municipal a súa proposta para o POS Adicional entre a documentación do pleno que se está a celebrar, os membros do grupo municipal do BNG están de acordo coa análise e coa proposta xa que é evidente a falta de persoal nos servizos sociais de Culleredo, algo que se ve nas listas de agarda para a atención á veciñanza e vese tamén na baixísima execución dos fondos para a asistencia social como se puido comprobar na liquidación da Conta Xeral de 2022 e como probablemente reafirmarán na liquidación do orzamento do 2024; están de acordo en destinar eses fondos ao reforzo ou ampliación do persoal técnico e administrativo dos servizos sociais co obxectivo de aumentar a capacidade para a xestión do servizo; piden que o goberno municipal aclare exactamente a que se van destinar eses fondos e cales son os postos que se van cubrir con esa axuda provincial.

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que xunto coa documentación que obra no expediente hai un informe da xefatura no que se detalla o persoal para o que se precisa financiamento e relaciona traballador/a social, psicólogo/a, asesor/a xurídico/a, educador/a social e auxiliar administrativo.

O Sr. Méndez Mosqueira pregunta se é persoal que xa está a prestar o servizo ou se é novo persoal que se vai contratar.

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que este tipo de financiamento permite ambas modalidades pero que a finalidade é ampliar o servizo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo agradece que se tiveran en conta as súas propostas para a contratación de persoal adscrito a servizos sociais, tan necesario para dar unha rápida resposta aos veciños usuarios dese servizo; no pleno do mes de novembro, cando se aprobou a súa moción para reforzar a área de servizos sociais e poder mellorar a rapidez de resposta viron claro que era necesario contratar máis persoal e agardan que esta contratación sexa efectiva e que non fagan como outras veces nas que deixan perder esas posibilidades; puxéronse en contacto cos membros do Partido Popular veciños do Concello asustados polo atraso en citas; agarda que con esta proposta mellore este tema.

Respecto da outra proposta recollida no POS social que se presenta, para axuda dos comedores escolares que non están xestionados pola Xunta, di que esta proposta foi levada polo seu Grupo municipal ao Pleno en decembro do 2019 e que foi aprobada por unanimidade, reclamando en numerosas ocasións o seu cumprimento.

Di que as dúas propostas que se recollen no POS son propostas que xa presentou o seu Grupo no Pleno polo que as votarán a favor.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, **por unanimidade** dos Sres/as concelleiros e concelleiras presentes (20), o **Pleno municipal ACORDA:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 <i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>					148.569,39 €	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	DO A POLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)	
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €		141.569,39 €	0,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39€	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39€	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

C.I.F. P-1503100-H

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE A XESTIÓN DA MAREA DE “PELLETS” PLÁSTICOS (REXISTRO DE ENTRADA 2024/821 DE DATA 23/01/2024).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE con rexistro de entrada n.º 2024/821 de 23 de xaneiro de 2024, sobre a xestión da marea de “pellets” plásticos, á que dá lectura a voceira do equipo de goberno, dona Marta María Figueroa Fuentes:

«MOCIÓN CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE “PELLETS” PLÁSTICOS

Marta Figueroa Fuentes voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de Culleredo de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN sobre a xestión da marea de “pellets” plásticos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos repartidos en sacos de 25kg.

O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros,

45 de 86

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.

O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

C.I.F. P-1503100-H

Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “el que quiera ayudar, que ayude”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.

Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Culleredo, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galicia:

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE:**

Solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que poderían facer algunhas puntualizacións á exposición de motivos da moción que se presenta neste punto para deixar aínda máis claro que vinte anos despois do “Prestige” nin o Goberno español nin a Xunta de Galicia aprenderon a lección; a Xunta actuou con negligencia, facendo deixación de funcións e cargando toda a responsabilidade sobre os concellos; ocultou, mentiu e manipulou a información, algo dito non só polo BNG senón tamén polos propios traballadores públicos, tal e como vén facendo nos últimos anos; trata de responsabilizar ao Estado da súa propia incompetencia, escapando das súas propias competencias; din que non saben nada e tiñan comunicación desde o 13 de decembro, oficialmente, a través do Concello de Ribeira e do seu alcalde, o nacionalista Luís Pérez.

A Xunta actuou con improvisación e irresponsabilidade, sen medios propios que actúen e co escándalo que supón que non se activase o Plan CAMGAL até tan tarde, o que provocou que non se coordinasen as labores de actuación nos concellos e sen poñer a disposición os medios necesarios; a actuación foi, a todas luces, negligente; non se coñece que medios se utilizaron para seguimento e detección da vertedura, un fallo estrepitoso do sistema de “oceanografía operacional” que fai seguimento en función de ventos, etc.

O Presidente Rueda negouse a comparecer e dar explicacións diante da Deputación permanente do Parlamento Galego na comparecencia solicitada polo BNG para que dese todas as explicacións sobre as actuacións que levou e vai levar a cabo en relación con este episodio de contaminación

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

mariña; pregunta se a nivel municipal, en Culleredo, se adoptou algunha actuación preventiva para o caso de que a marea entrara na Ría.

Cómpre dar directrices claras de actuación, tanto por parte dos concellos como respecto do voluntariado, tendo en conta que en moitos casos se está a falar de ecosistemas vulnerábeis.

O goberno español é o titular das competencias en materia de loita contra a contaminación mariña e o BNG vén exixindo dende hai anos a transferencia de todas as competencias que teñan que ver co medio mariño (entre elas a de salvamento e loita contra a contaminación) e o PP vén votando sistematicamente en contra; é fundamental a transferencia á Galiza de competencias e medios en loita contra a contaminación mariña; este é un novo exemplo da necesidade de decidir, desde Galiza, desde o primeiro momento.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pazos Regueiro quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal presenta neste punto unha moción chea de datas e feitos que lle envían desde o seu partido cun fin electoralista, xustificando unha suposta inanición da Xunta de Galicia á hora de xestionar o vertido dos grans de plástico coñecidos como os "pellets"; non van entrar nun debate de datas, de chamadas, de non chamadas porque desde o minuto un, cando cae o contedor e o barco avisa ao Estado portugués, o Estado portugués se pon en contacto co Estado español, facendo este caso omiso, considerándoo un vertido máis e deixando así a cousa; lle pregunta ao alcalde se leu o Plan CAMGAL engadindo que todo o que se solicita está aí recollido polo que non lle atopan moito recorrido á moción que se presenta e o seu voto será en contra; insiste en que se lea o Plan CAMGAL porque todo o que se solicita na moción está recollido en dito Plan.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que por suposto que o goberno municipal sabe o que é o Plan CAMGAL, o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña, un instrumento da Xunta de Galicia e que, aínda que o que se solicita na moción estea recollido en dito Plan, non é algo que se estea aplicando; en relación co comentario do Sr. Pazos Regueiro sobre a chamada entre o Estado portugués e o Estado español, di que hai un estatuto que teñen Galicia e Asturias e no artigo 29 do estatuto galego se contempla que debe ser a propia Autonomía a que aplique a lexislación estatal, definindo isto en catro fases, da 0 á 3, e son as comunidades autónomas as encargadas de decidir se se pasa dunha fase á seguinte, quen permite a intervención do Estado na fase 2; o Partido Popular non quere entrar a comentar datos sobre datas e chamadas pero as chamadas ao 112 quedan rexistradas.

A competencia é autonómica e non é normal que se decrete unha fase 1 ante unha catástrofe da que non se saben as dimensións; ningún lle bota a culpa á Xunta de Galicia nin a Alfonso Rueda desta catástrofe pero si de tapalo durante un mes e non tomar as medidas adecuadas porque subiu á fase 2 despois de telo feito o goberno asturiano; hai que ser realistas porque os datos están aí e non é algo que diga o partido socialista senón que o di a prensa e demais.

A Xunta non se molestou nin en facer un estudio en laboratorio da toxicidade ou non dos "pellets"; dito estudio o fixo unha empresa privada, Baltalia, un experto que se limitou a mirar as características dos sacos de pellets pero non se analizou en ningún momento ata a data, sendo isto o que se pide coa moción que se presenta; eles non van cambiar o sentido do seu voto pero quere deixar claro que non van permitir que o que está escrito se discuta.

A continuación o Sr. Pazos Regueiro solicita novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, pregunta se o goberno municipal coñece ao CETIM porque foi quen fixo o estudio, xunto coa Universidade da Coruña.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do PSdG-PSOE transcrita anteriormente, con once (11) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE presentes (7) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), sete (7) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal do Partido Popular, e

dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños, o Pleno municipal acorda:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

C.I.F. P-1503100-H

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.»

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E LIMPEZA DE EDIFICIOS (REXISTRO DE ENTRADA 2024/912 DE DATA 25/01/2024).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular con rexistro de entrada n.º 2024/912 de 25 de xaneiro de 2024, relativa á municipalización do servizo de limpeza viaria e limpeza de edificios, á que dá lectura a Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal do Partido Popular:

«MOCION QUE PRESENTA EL PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO EN RELACION A LA MUNICIPALIZACION DEL SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y LIMPIEZA DE EDIFICIOS.

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La prestación de los servicios de limpieza viaria y de limpieza de edificios municipales forman parte de las competencias propias de cualquier Concello tal y como indican los artículos 25 y 26 de la Ley 7/1985.

En Culleredo, por parte de anteriores gobiernos municipales, para la prestación de estos servicios se firmaron los siguientes contratos:

Contrato de limpieza viaria se firmó el 31 de enero del 2002 por una duración máxima de 10 años y a partir del 1 de febrero del 2002, con un importe anual de 318.173,90 € Desde su conclusión, el servicio se viene prestando en precario por parte de la misma empresa. Este contrato tiene asignados 13 trabajadores.

Contrato de Servicio de limpieza de edificios municipales firmado el 23/11/2017 con una duración máxima de 2 años y por un importe aproximado anual de 540.000€. En este contrato no se contempla la revisión de precios. Esta en precario desde el 2020. Tiene asignados a 24 trabajadores.

Desde hace años, el PP ha solicitado a este equipo de gobierno la regularización de estos contratos y de otros que también están caducados y que se están prestando en precario, por lo que en numerosas ocasiones hemos instado al Gobierno Municipal a regularizar la situación a través de la apertura de un proceso de contratación que, una vez resuelto, permitiera a la empresa adjudicataria resultante del proceso, cobrar un precio justo o lógico por la prestación del servicio y que, consiguientemente, garantizase la estabilidad y los derechos retributivos de los trabajadores y la adecuada cobertura y prestación del servicio que requieren nuestros vecinos. En principio, seleccionar en el mercado, en régimen de libre competencia, a un operador para que preste el servicio en condiciones normalizadas, parecería lo más normal.

Pero Culleredo es diferente gracias al gobierno Socialista del Sr. Rioboo. Es tan alta la degradación de los servicios y las correspondientes relaciones contractuales que nos llevan a dudar sobre la diligencia o la capacidad funcional del gobierno municipal para tramitar unos procedimientos de contratación con garantías y con la seguridad jurídica adecuada en un plazo corto o razonable de tiempo. Son tales las dudas, vistos los precedentes, sobre la actitud ética del gobierno municipal en orden a no falsear la competencia, e incluso, son tales las dudas sobre la capacidad del gobierno local para supervisar con rectitud unos contratos de estas características que lleva a este Grupo Municipal de Culleredo a valorar la internalización de estos servicios ya que nunca han dejado de ser servicios municipales, como bien dice el artículo 6 del Contrato del Servicio de Limpieza Viaria: " La titularidad del servicio corresponde exclusivamente al Ayuntamiento de Culleredo".

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Otro aspecto, y que nos preocupa especialmente, es el de los 37 trabajadores y el de sus familias que prestan el servicio, alguno ya fue empleado directo municipal, y que se ven seriamente afectados en sus derechos con motivo de esta situación. El artículo 42 del Estatuto de los Trabajadores deja bien claro las responsabilidades del Empresario Principal, en este caso el Ayuntamiento, respecto a éstos y lo hace responsable de todo lo que pueda ocurrir con respecto a sus salarios y cotizaciones. El concello es el responsable de los impagos que pueda hacer la Concesionaria tanto en materia de salarios como de cotizaciones.

No es de recibo que el concello no pague a la empresa, poniendo en peligro su viabilidad económica y, por consiguiente, que los trabajadores no cobren por un posible incumplimiento contractual: Instruya expediente de penalidades a la empresa, Sr. Rioboo, deles audiencia y resuelva dicho expediente. Actúe con garantías jurídicas y no como en el viejo Oeste, estamos en un estado de derecho!

El Grupo Municipal Popular entiende que el debate sobre la “forma de gestión” de los servicios públicos debe liberarse de apriorismos ideológicos: ni la municipalización ni la externalización son banderas exclusivas de nadie, y ambas opciones presentan inconvenientes y ventajas que han de ser valoradas o ponderadas en clave local.

En nuestro caso, el fracaso de la gestión del equipo municipal en el proceso de contratación de ambos contratos al no haber sido capaces de licitarlos durante todo este tiempo, más de 11 años para el de limpieza viaria y 3 el de limpieza de edificios, la defensa de los derechos de los trabajadores y las posibles ventajas de la internalización del servicio como el ahorro de la retribución al contratista, una disminución de los costes de transacción o de supervisión de las cláusulas del contrato, una mayor transparencia en la gestión, una evitación de riesgo de carteles o empresas concertadas que anulen las ventajas de la competencia, una más segura continuidad y regularidad y mayor calidad y sensibilidad medioambiental en la prestación del servicio, y todo ello sin olvidar los estudios existentes que advierten que en municipios de un tamaño semejante al nuestro la prestación directa puede resultar más eficiente que la prestación externalizada.

Es por todo ello por lo que el Grupo Municipal Popular, SOLICITA al Pleno la adopción del siguiente Acuerdo:

1.- Instar a los correspondientes órganos de gobierno a que inicien los trámites para que, con la mayor premura, y previa motivación suficiente basada en razones de seguridad o salubridad pública o de urgencia, y sin menoscabo de los principios de eficacia, eficiencia, y sostenibilidad no solo entendidas en sentido económico, se proceda a la asunción directa, mediante la personificación o entidad pública que corresponda de los servicios de limpieza viaria y de limpieza de los edificios municipales.»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE:**

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo o que quere é que se solucione a situación pero non son quen de establecer a vía pola que sería mellor facelo polo que consideran que se debera facer un informe técnico ao respecto non só para determinar cal sería a vía máis eficiente para solventar o problema senón tamén cal sería máis rápida; propón que se deixe este asunto sobre a Mesa, se solicite dito informe e se tramite con trámite de urxencia votando sobre este tema en base ao que determine o informe porque son moitas as cuestións que hai que ter en conta á hora de discernir sobre este punto xa que non só hai que valorar cal é a mellor solución respecto de como hai que proceder sobre a situación da empresa senón que hai que determinar tamén como se defenden os dereitos dos traballadores da mellor maneira posible; houbo unha comisión extraordinaria para tratar este tema e solicita do Sr. Alcalde que explique cales son os pasos a dar á hora de licitar e adjudicar este servizo e, dado que se atopan traballadores no salón, se lles informe de primeira man de todo o que se falou esa mesma mañá.

(grabación cortada)

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que hai que contextualizar este tema e non dar nada por suposto; neste momento están todos os servizos municipais sen un contrato que lles dea soporte, pagando as facturas segundo chegan pola porta desde hai anos, dez anos nalgún caso como é o da limpeza viaria; di que quere contextualizar a situación e lle pregunta ao Sr. Alcalde se era necesario chegar ata aquí, a que os traballadores non cobren a súa mensualidade cando a responsabilidade do goberno municipal era someter a licitación os contratos; o contexto non é sobrevido, vén de moi atrás e pide que o Sr. Alcalde se desculpe cos traballadores e traballadoras que se atopan no salón por non ter intervido antes nesta cuestión; pide que se traslade aos traballadores e traballadoras o comentado na comisión informativa respecto do estado de tramitación dos pregos de licitación.

Respecto da moción do Partido Popular di que a prestación dos servizos públicos pode facerse ben por xestión directa, con empregados e recursos públicos, ou por xestión indirecta, con persoal e material alleo; a primeira, a xestión directa, é a que se chama de forma común e no ámbito municipal a municipalización, título da moción do Partido Popular; a segunda forma é a que tamén de forma común se chama contratos con empresas que prestan eses servizos, empresas que deben participar nun proceso de contratación pública cunha lexislación supostamente moi estrita e severa coas irregularidades; esta é a situación que pode que moita xente pense que hai en Culleredo, pero as leis españolas non están escritas en papel de lixa como suxería Castelao e por iso non pasa nada cando o goberno de Rioboo fai o que lle peta con elas; a forma innovadora chanchulleira do goberno municipal de Rioboo é que empresas que hai máis de dez anos que non teñen contrato algún, pois se algún día o tiveron xa está vencido, sigan prestando os servizos e facturando centos de miles senón millóns de euros malia que as funcionarias municipais advirtan da enorme irregularidade; a municipalización dos servizos é desexable e o BNG sempre avoga polos servizos públicos, garantía dun aforro económico, de estabilidade no emprego e dun servizo eficaz.

A dereita económica, os grandes grupos de investimento que buscan desesperadamente onde investir con garantías de alto rendemento, andan como feras atrás de contratos de xestión pública e os títeres desa dereita económica, a dereita política, fanlle o favor de lexislar para que a prestación de servizos de forma directa polas administracións se faga imposible; seguramente a moita xente lle soe esa lei que colleu o nome do ministro Montoro, ministro do PP con José María Aznar, e que permanece ata hoxe, unha lei do 2012 da que o BNG non se farta de lembrar que o goberno que se autocualifica como o máis progresista da historia non foi capaz de derogar, unha lei que impide a prestación de servizos de forma directa polas administracións ao levar consigo a famosa "taxa de reposición", un impedimento "de facto" pola que só se poden contratar tantos empregados públicos como se xubilaban o ano anterior, facendo imposible que se contrate novo persoal para acometer novos servizos públicos; é o paraíso deses grupos inversores dos que falou e de aí nacen as empresas de limpeza, de xardinería, de xestión de auga e alcantarillado, etc, empresas que cotizan nos mercados bursátiles e que mandan os seus homes de negro cos maletíns polos despachos para facerse cos contratos públicos.

Lánzanse pola sanidade, onde empezaron pola limpeza, despois pola xestión de historias clínicas, e como exemplo a Xunta de Galicia do Partido Popular, as ambulancias, as urxencias de accidentes, e desde hai tempo polas operacións cirúrxicas; ou polos servizos informáticos de todo tipo; centos

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

senón miles de millóns anuais dos orzamentos da Xunta van parar a empresas privadas cada ano, moito máis alá do que lles exige a famosa Lei Montoro.

Pero hoxe, no colmo da hipocrísia e no triplo salto mortal ideolóxico e político, o Partido Popular vén propoñer, en plena crise do asunto da limpeza viaria e limpeza de edificios públicos, que en Culleredo se faga unha excepción e se municipalicen eses servizos, sendo curioso que se cingan só aos servizos que neste momento están provocando un conflito laboral e de prestación do servizo, a limpeza viaria e a limpeza de edificios, esquecéndolles os outros que están nas mesmas e que comentaron antes como a xestión da auga potable, a axuda a domicilio e tantos outros.

Hai que ser exixentes e usar todos os métodos de control para que se faga un proceso transparente; hoxe mesmo houbo unha comisión extraordinaria promovida polo BNG e Alternativa dos Veciños na que participaron os membros dos grupos municipais exixindo toda a documentación feita ata o de agora e que lles permitiu demandar celeridade e rigor e o BNG avanza que solicitará tanta documentación como comparecencias fagan falta para seguir presionando nesa liña. Eles tampouco se fían do Sr. Rioboo, que ten ben gañada esa desconfianza, pero precisamente por iso seguirán na liña do control férreo que sempre tiveron.

A estas alturas, desde o punto de vista do BNG, non cabe coller camiños secundarios; o que hoxe trae ao Pleno o Partido Popular é dun oportunismo totalmente improcedente.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que lle parece increíble e que non sabe se rir ou chorar porque o Partido Popular de Culleredo hai uns meses no pleno instaba ao equipo de goberno á redacción dos pregos indicando que daba dous meses para telos; agora atópanse coa moción que se presenta neste punto, instando a unha xestión directa dos servizos de limpeza viaria e limpeza de edificios despois de que se lles informou de que os pregos están practicamente rematados; o goberno municipal, ao igual que o BNG, non se opón aos servizos públicos pero hai que analizar ben cada situación de cada servizo de maneira minuciosa e non lanzar unha moción do calado que ten esta e que afecta a unha plantilla de traballadores e traballadoras, así como a todos os veciños e veciñas de Culleredo que se ven afectados por esta situación, sen ter informes e garantías do que se está a pedir; pide que se diga como pode afectar a municipalización ou xestión directa que se pide á plantilla de traballadores e se o Partido Popular sería quen de explicalo no Pleno pois pensa que non e que, de todas formas, aos traballadores non lles valería; a finalidade do equipo de goberno é que os cidadáns vivan en Culleredo cuns servizos de calidade e iso vai vinculado co benestar dos traballadores e que cobren en tempo e forma; parécelle pouco ético que se politice un tema como este a expensas dos traballadores; non se pode pedir unha cousa fai dous meses e agora, cando o goberno municipal a ten case finalizada, meter outro pao na roda pois a finalidade debe ser a urxencia, a premura de todo isto; hai que deixar de meter aos traballadores pois xa teñen dabondo; o goberno municipal lamenta á situación a que se chegou e recoñece que tiñan que ter sacado os pregos antes; agora búscase a mellor solución, sempre dialogando cos traballadores.

Hoxe a Sra. García Gorostizu dixo na comisión que municipalizar un servizo levaba dous meses cando non é así; pide que se estuden ben as cousas e cando unha moción afecta aos traballadores e ten un calado tan serio como esta débese chegar ao Pleno cos deberes feitos, con todos os informes necesarios, e non dicindo que isto en dous meses está listo porque saben que non é verdade, ao igual que non é verdade que o que se propón afecte positivamente aos traballadores; lle pide ao Partido Popular que deixe esta moción sobre a Mesa porque non están pechados, a futuro, a que se valore.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que lle sorprende que a Sra. Figueroa Fuentes acuse aos membros do Partido Popular de atrasar calquera cuestión pois a súa actitude sempre foi defender que estes pregos, e todos os que están na mesma situación, se licitasen; o pediron en numerosas ocasións e sempre estiveron dispostos a elo pero agora ven a negligencia e a incapacidade do goberno municipal, demostrada unha vez máis na comisión de hoxe na que o equipo de goberno non foi quen de dar unha data aproximada para a licitación e adxudicación do servizo; na comisión anterior o técnico dixo que se podía alargar seis meses se non había ningunha alegación e no estudio que o Partido Popular estivo a facer nos municipios nos que se municipalizou este servizo e nas conversas que tiveron nos concellos nos que se municipalizou viuse que cando se fai a través dunha empresa municipal leva máis tempo pero cando o servizo se presta de forma directa o procedemento é un acordo plenario que se aproba, comunicarllo á empresa para que diga que

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

traballadores están asociados a dito servizo e a subrogación por parte do Concello deses traballadores que pasarían a formar parte do persoal laboral do Concello, engadindo que non é tan difícil como o quere facer ver o goberno municipal.

Di que lle preguntaron ao Sr. Alcalde que faría se os traballadores seguiran en folga e sen cobrar e respondeu que contrataría pola vía de urxencia a unha empresa “a dedo”; o Partido Popular non está disposto a que o servizo se lle dea “a dedo” a un amigo do alcalde e insiste en que se pode subrogar automaticamente aos traballadores e que pasen a formar parte do persoal laboral do Concello, dándolle seguridade e asegurando o pagamento das súas nóminas.

A voceira do goberno municipal, Sra. Figueroa Fuentes, di que queda sen palabras e lle pide aos membros do grupo municipal do Partido Popular que non enganen á xente; hai xurisprudencia que di que os traballadores entrarían como indefinidos non fixos e que ocuparían as súas prazas ata que se cubriran da forma que se considerara; di que a xurisprudencia é clara e contundente e ante unha dúbida tan importante e que afecta a tanta xente, ela pide que se deixe a moción sobre a Mesa.

A Sra. García Gorostizu pregunta se o Sr. Alcalde estaría disposto a solicitar os informes necesarios para dilucidar se a municipalización do servizo sería a opción máis rápida para darlle aos traballadores a seguridade que necesitan.

Responde o Sr. Alcalde e lle di á Sra. García Gorostizu que se lle está a dar a oportunidade de retirar esta moción que non é unha moción máis pois vincula o futuro do servizo; di que a situación non é municipalizar o servizo e subrogar aos traballadores pois hai que facer unha modificación presupostaria, un informe que indique que esa reversión a xestión directa é menos custosa que indirectamente, unha serie de pasos a seguir á marxe das exactas puntualizacións feitas pola Sra. Figueroa Fuentes que fala con moita propiedade do que comentou en materia laboral; é moito máis longo do que di o Partido Popular; el asume toda a responsabilidade neste tema desde que é alcalde e se nalgún momento ten que pedir desculpas as pedirá, pero nestes momentos estase nunha fase moi positiva do proceso, tal e como se viu hoxe na comisión informativa na que estiveron os funcionarios implicados nos pregos, tanto do servizo de Contratación como de Medio Ambiente, informando de que están practicamente acabados e nos que tiveron oportunidade de facer achegas os propios traballadores da empresa Jardincelas, amosando unha oportunidade de que a situación reverta; di que sería xenial que as empresas non pasaran por dificultades económicas.

Di que hai que ser áxiles nos pregos e rebaxar os prazos o que se poida, tendo en conta tamén que este tipo de pregos son moi susceptibles de alegacións por parte de empresas que van como “lobos” en busca deste tipo de pregos e que, ao non ter opcións, presentan recursos que ralentizan todos os procesos; o Concello ten que ter axilidade, e existe o compromiso do Gabinete Xurídico, de Secretaría e de Contratación de ser áxiles e cando non procedan as alegacións articular un sistema para desestimalas coa idea de, canto antes, estar en condicións de asinar o contrato coa nova empresa que subroge aos traballadores; o prego de limpeza de edificios, que ten un incremento importante, ten en conta unha das reivindicacións máis importantes cal é que respecte os salarios dos traballadores polo que hai que garantir iso e hai que articular mecanismos legais dentro dos pregos para que no caso de que unha empresa incumpra e non lle pague aos traballadores puntualmente, que teñan algún tipo de sanción e incluso extinguir o vínculo co Concello de Culleredo.

Aceptar as pretensións do Partido Popular é ir cara atrás; pensa que hai que defender o servizo público prestado de forma directa pola Administración Pública pero neste momento están todas as administracións, Deputación da Coruña, a Deputación de Lugo, a Deputación de Ourense e a Deputación de Pontevedra, e a propia Xunta de Galicia, completamente de acordo no criterio de volver a reverter aos bombeiros á Administración, con moitas dificultades.

Non é contrario a que se reverta a xestión pero si a que se faga de forma precipitada, cuns pregos caducados nos que el ten unha parte de responsabilidade polo que fora, dá igual que non houbera técnicos ou que os informes foran desfavorables pois ao final o responsable é el, e no que podería implicar que dentro dun ano tiveran que estar sacando as prazas.

Di que hai que sentarse e facer un estudio económico como fixeron as deputacións para que o servizo reverta novamente na xestión directa pero con todos os informes, que son independentes e que deben estar supervisados pola Intervención e pola Secretaría municipais; di que el no seu momento quixo xestionar directamente o servizo municipal de auga e o primeiro que tivo que facer foi solicitar á Secretaría municipal un informe de viabilidade e concluíu que se duplicarían os gastos,

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

que sería inviable, véndose truncado o criterio de sostenibilidade; hai cinco anos tope segundo marca a Lei para o servizo de limpeza de edificios e dez anos para o servizo de limpeza viaria e nesas datas tope o Concello ten que articular todos os estudos necesarios garantindo o servizo e a estabilidade das familias para ver se a xestión directa é o mellor; quen vai facer o informe son técnicos habilitados, expertos na materia, xente moi cualificada que determinen se iso é o mellor ou non; se el estivera na bancada da oposición apoiaría ao goberno municipal non sabe se cun voto a favor ou cunha abstención pero claramente nunca se oporía a que se avanzara, independentemente doutras responsabilidades; pensa que a moción é dar un paso atrás e, respecto do dito se se daría o contrato a un amigo do alcalde, di que a xente coa que falou manifestou ser amiga da Sra. García Gorostizu; ante comentarios que se fan sobre o Concello de Arteixo di que este Concello solicitou marcharse do Consorcio das Mariñas no ano 2016 e fixo o que fixo contando cunha maioría absoluta aplastante e aínda así con moitas dificultades; el aplaudiu ao alcalde do Concello de Arteixo polo que fixo pero neste momento en Culleredo o que toca é licitar os pregos e non pararse, pedindo xa un informe que diga como se pode recuperar o servizo ou se a forma na que se está facendo agora está ben, independentemente de que a empresa funcione mellor ou peor; pide desculpas aos traballadores porque se sente responsable do que lles pasa e lle pregunta á Sra. García Gorostizu se quere deixar a moción do seu Grupo sobre a Mesa ou se quere que se vote, engadindo que el considera que deberan ir todos a unha tal e como estiveron hoxe na comisión informativa, ao seu xuízo moi positiva independentemente da pluralidade de ideas de cada Grupo municipal; di que se debe facer o que, con moi bo criterio, comentou o Sr. Chouciño Garrido na comisión e facer un seguimento aos pregos, para ver como se van adjudicar, quen vai formar parte do tribunal para que haxa unha total obxectividade; di que se estiveran en vigor os contratos referidos na moción el a apoiaría para aprobala e que neste momento está tentado a facelo pero non pode porque sería dar pasos atrás.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que solicita, aproveitando que os traballadores están na sesión, que o Sr. Alcalde lles explique non só a situación na que actualmente están os pregos senón tamén, aínda sabendo que as marxes e os tempos son relativos, que trámites quedan agora por seguir e máis ou menos o tempo que hai que agardar para que isto termine.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que, a modo de resumo e utilizando os termos que usan os técnicos municipais, os pregos están practicamente rematados e teñen que pasar a fiscalización da Intervención municipal, para determinar a viabilidade económica dos mesmos, e á Secretaría municipal; di que son pregos dos que xa coñecen o contido polo que xa hai avances e modificacións que se van facendo en tempo e forma para que non haxa reparos; o contrato supera o millón de euros, superando algún deles os cinco millóns de euros, e polo tanto hai que levalo a través da plataforma de contratación europea sendo o tempo máximo 30 días no escenario máis desfavorable pois se se fai por medios telemáticos poderíase reducir dito prazo; os informes poderían estar en 10-15 días xa que os pregos están practicamente rematados e a adjudicación irá en función das ofertas que haxa xa que se hai catro ofertas será máis rápida pero podería haber vinte e ralentizaría os tempos; o normal é que non haxa moitas ofertas porque no servizo de limpeza viaria por exemplo as empresas que se presenten teñen que ter unha tesourería importante xa que o contrato contempla catro varredoras que xa cada unha custa ao redor de 200.000 euros, 15 sopladoras, 2 pulidoras de beirarrúas, un camión de lavado e as melloras que se poidan facer, polo que o investimento non é un investimento menor; di que non se atreve a avanzar un prazo de adjudicación porque estará en función das ofertas e da axilidade do comité de expertos ou comité avaliador para valoralas.

A continuación solicita o uso da palabra a voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere ser moi breve pero non quere que se confunda o voto do BNG respecto da proposta do Partido Popular con que haxa "salsa rosa" cos responsables deste desaguizado; di que lle rompe o corazón escoitar falar á Sra. Figueroa de urxencia cando se está a falar dunha cuestión que vén de dez anos atrás; dá a impresión de que se vén de aterrar agora neste tema cando hai moitos pasos intermedios que a xente debe coñecer pois o contrato do servizo de limpeza viaria está publicado no Diario Oficial da Unión Europea e no portal de contratación no 2019, estando xa os pregos redactados, e o goberno municipal nunca foi quen de dar unha resposta convincente de por que esa publicación non seguiu adiante; débese unha desculpa á xente ademais das responsabilidades políticas que puidera haber pois as desculpas non

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

son suficientes e ás veces é necesario conxugar o verbo dimitir; hai máis servizos sen contrato, como a xestión da auga potable, servizo do que se fixeron uns pregos no 2017 que se someteron a debate no Pleno para depuralos e aínda así houbo unha empresa que os impugnou por un só punto e gañou esa impugnación; o asunto impugnado era a discrepancia entre se se trataba dun contrato de xestión de servizos ou unha concesión de servizos e unha vez solucionada esa cuestión poderíase ter continuado co contrato e nunca se quixo seguir; desde o BNG insisten en que este ten que ser o mandato no que toda esta situación se regularice si ou si; hoxe na comisión que houbo non estaban entre a documentación os pregos dos servizos de limpeza viaria e limpeza de edificios; Carballo licitou nos últimos catro anos varios servizos como o de limpeza viaria ou o de limpeza de edificios por sectores e o goberno municipal de Culleredo quere facer crer que licitar un contrato é semellante á poñer unha base estable en Marte cando non é así pois é algo que as administracións teñen que facer acotío e de ordinario; Culleredo non o fai a saber por que motivos pero hai administracións que si son capaces de levar as cousas ao día.

De seguido solicita novamente o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o que o seu Grupo pretende coa moción que presenta neste punto é dar aos traballadores esa seguridade que actualmente non teñen e engade que puidera ser que a incapacidade amosada polo goberno municipal para licitar os servizos en once anos puidera ser a que lle fai pensar que é imposible municipalizar o servizo en dous meses; o seu Grupo estivo a preguntar en concellos que teñen municipalizado o servizo e din e corroboran que a municipalización non leva máis de dous meses e lles daría unha estabilidade aos traballadores que non teñen, subrogándoos o Concello e pasando á incorporalos como persoal laboral do mesmo.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e lle pregunta á Sra. García Gorostizu que concellos da área metropolitana, do nivel do Concello de Culleredo, teñen o servizo de limpeza viaria e de limpeza de edificios por xestión directa.

Responde a Sra. García Gorostizu e di que por exemplo o Concello de Arteixo.

O Sr. Alcalde-presidente di que Arteixo xestiona directamente o lixo.

A Sra. García Gorostizu di que ademáis de xestionar directamente o lixo xestiona tamén de forma directa o servizo de limpeza viaria, a xestión da auga e a limpeza de edificios.

O Sr. Alcalde-presidente di que eses servizos se xestionan a través dunha empresa pública e que, dado que a Sra. García Gorostizu falou de concellos en plural, el pensou que había máis.

A Sra. García Gorostizu di que ela estivo falando coa Intervención que levou todo ese proceso.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do Partido Popular transcrita anteriormente, con sete (7) votos a favor, os dos representantes do grupo municipal do Partido Popular, once (11) votos en contra, dos representantes presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (7) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), e dúas (2) abstencións, as dos representantes do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, o Pleno municipal acorda rexeitar a moción presentada neste punto.

7.- CONTROL E SEGUIMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

7.1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes: **2433/2023**, do 18 de decembro de 2023, á **114 /2024**, do 24 de xaneiro de 2024, todas elas incluídas, e que son as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2433	18/12/23	Resolución concesión renovación tarxeta de estacionamento de J.M.R.P.	UBS17I04CG
2434	18/12/23	Autorización de prestación de servizos baixo a modalidade de teletraballo (D.Q.R.)	UPO17I02NK
2435	18/12/23	Resolución concesión tarxeta de estacionamento a R.N.R.	UBS17I04ED
2436	18/12/23	Resolución aprobación padrón SAF decembro 2022	UIT17I022O
2437	18/12/23	Resolución aprobación padrón SAF outubro 2022	UIT17I022M
2438	18/12/23	Resolución aprobación padrón SAF novembro 2022	UIT17I022N
2439	18/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/357 Reparación Medio Ambiente (compensación abonos)	UIT17I022V
2440	18/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/358 Reparación Medio Ambiente (compensación abonos)	UIT17I022W
2441	18/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/353 Renting Vehículos	UIT17I022Y
2442	18/12/23	Concesión a Maderas García de Presedo SL da licenza que solicitou para a construción dunha nave na parcela 127 do C.L.T rúa Felipe Mínguez Serrano (ref. catastral 7811501NH4971S0001TM) Ledoño	UAU17I02JQ
2443	18/12/23	Aprobación de facturas F/2023/360 renting vehículos	UIT17I022Z

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2444	18/12/23	Resolución desestimiento PEEIS (L.F.G.O)	UBS17I04E1
2445	18/12/23	Resolución desestimiento PEEIS (C.G.A.)	UBS17I04CK
2446	18/12/23	Resolución desestimiento PEEIS (C.A.S.M.)	UBS17I04E3
2447	18/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/337 Reparación Benestar	UIT17I0232
2448	18/12/23	Resolución pago retencions e ingresos a conta IRPF (mod 111) mes novembro23	UIT17I0231
2449	18/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/356 Reparación Medio Ambiente (compensación abonos)	UIT17I0236
2450	18/12/23	Concesión a don N.S.R. da licenza que solicitou para a construción dunha vivenda na rúa Victoria Kent parcela 153 do PP Zapateira 2 (ref. catastral: 5939501NH4953N0001SK) Orro.	UAU17I02JN
2451	18/12/23	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 20/12/2023	USG17I06HH
2452	18/12/23	Resolución respecto da reclamación presentada por J.M.S.A ante o grupo de traballo do proceso selectivo do Obradoiro dual de emprego CULLEREDO ACTIVO II	UFE17I012G
2453	18/12/23	Resolución respecto da reclamación presentada por J.C.A.B ante o grupo de traballo do proceso selectivo do Obradoiro dual de emprego CULLEREDO ACTIVO II	UFE17I012F
2454	18/12/23	Nomeamento funcionario de carreira da praza de técnico de orientación.	UPO17I02RM
2455	19/12/23	Resolución aprobación proxecto técnico "Mejora de la seguridad vial y renovación de pavimentos en la antigua N-550, entre la AP-9 y la rúa Luis Seoane"	UME17I04AQ
2456	19/12/23	Designación de secretario nas comisións informativas e na Xunta de Voceiros do día 20.12.2023	USG17I06HY
2457	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/317 Reparación Informática.	UIT17I023F

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2458	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/343 Reparación Economía.	UIT17I023G
2459	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/347 Reparación Alcaldía.	UIT17I023H
2460	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/350 Reparación Medio Ambiente.	UIT17I023I
2461	19/12/23	Decreto Sanción Tráfico (DR 99500000030474) (Expedientes 13032/2023, 13034/2023 y 14923/2023)	USC17I0111
2462	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/363 Protección Civil	UIT17I023P
2463	19/12/23	Resolución licenza dominio público local para obra LMTS SMC711-TRAMO APOYO 12-CT.15CR62 (CULLEREDO) SGD 218115010239	UME17I04AV
2464	19/12/23	Delegación da Presidencia das comisións informativas permanentes e xunta de voceiros de data 20.12.2023 (sesións ordinarias do mes de decembro)	USG17I06IM
2465	19/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/355	UIT17I021V
2466	19/12/23	Resolución levantamento de reparo e aprobación das certificacións nº5, nº6 e nº7 e última da obra "Urbanización da rúa Visitación de la Encina, R/Poeta Luz Pozo, Avda. de Ribados e R/ Gumersindo Pereira Nouche"	UME17I04B3
2467	19/12/23	Movements padrón municipal de habitantes novembro 2023	URP17I0QFN
2468	20/12/23	Resolución concesión servizo municipal de axuda a domicilio a M.C.P.	UBS17I04FA
2469	20/12/23	Delegación de competencias no Concelleiro D. Mario Alfonso Iglesias Gomez na reunión da Xunta directiva do GALP GOLFO ARTABRO SUR o día 20 de decembro de 2023 ás 19.00 horas.	USG17I06HG

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2470	20/12/23	Decreto Sancións Tráfico (Inicio) Al 99500000030492 (Expedientes 13636/2023 e outros)	USC1710119
2471	20/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/359 Reparación Medio Ambiente.	UIT171023Q
2472	20/12/23	Resolución pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 191 a N.I.V, con NIF núm. ***6083**	UME17104B2
2473	20/12/23	Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (2 prazas de auxiliar de emerxencias e protección civil (C2))	UPO171000O
2474	20/12/23	Aceptación do desestamento formulado por don D.G.P en relación coa licenza que se lle concedeu para a construción dunha vivenda na rúa Xesto e devolución da fianza depositada para garantir as obras de urbanización da fronte da parcela, por importe de 4.468,80 €	UAU17102LV
2475	20/12/23	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno do 26.12.2023	USG17106IW
2476	20/12/23	Resolución licenza de dominio público local para canalización de 3 metros en Ombre, Culleredo con SGD 618122090228	UME17104BH
2477	20/12/23	Aceptando o desestamento formulado por dona A.B.G en relación coa licenza que se lle concedeu para a construción dunha vivenda na rúa Outeiro de Arriba, parroquia de Sésamo expt. (UAU/2015/84) e devolución da garantía depositada para responder das obras de urbanización por importe de 3.000 €	UAU17102KV
2478	20/12/23	Resolución RBT rúa Eladio de la Iglesia 4	UME17104BN
2479	20/12/23	Resolución levantamento de reparo e aprobación certificacións núm. 5 e núm. 6 da obra "Renovación da rúa Laxe (VP-23 e VP-29)"	UME17104BS

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2480	20/12/23	Resolución dominio público local para instalación de liña subterránea de Baixa tensión en Ledoño, SGD 618123070078	UME17104BY
2481	20/12/23	Solicitud de subvención á Deputación Provincial das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL Concellos 2024) incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local.	UFE1710247
2482	21/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/362 ITV	UIT1710247
2483	21/12/23	Convocatoria proceso selectivo consolidación e estabilización de emprego temporal 2 auxiliar de emerxencias e protección civil (C2)	USG17106KS
2484	21/12/23	Resolución dominio público local para instalación dun novo Centro de Seccionamento e un tramo de Media Tensión subterráneo en Orro co número SGD 618122069007	UME17104CI
2485	21/12/23	Resolución licenza dominio público local para ampliación de potencia de 5.75 KW na rúa Alba Clérigo Sole, 1 - Culleredo	UME17104CJ
2486	21/12/23	Resolución licenza de dominio público local para reforzar a rede de baixa tensión no CT 15ABC9 A Hermida -Culleredo con SGD 618122099001	UME17104CK
2487	22/12/23	Solicitud de acceso do Concelleiro do BNG, D. Gonzalo Méndez Mosqueira ó expediente de Provisión do Posto de Secretaría: Concesión.	UAL17100RZ
2488	22/12/23	Resolución concesión provisional tarxeta de estacionamento a M.S.V.	UBS17104E9
2489	22/12/23	Aprobación de facturas F/2023/352 Reparación Medio Ambiente ENDESA	UIT171021T

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2490	22/12/23	Concesión a dona A.E.E, da licenza que solicitou para a construción dunha vivenda na rúa Cubo (ref. catastral 0333504NH5903S0001GK) parroquia de Culleredo.	UAU17I02JR
2491	26/12/23	Persoamento diante do Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de A Coruña, no PO 240/2023	UAJ17I00YR
2492	26/12/23	Aprobación padrón CMUS outubro 2023	UIT17I024M
2493	26/12/23	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o día 27-12-2023	USG17I06QJ
2494	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/374	UIT17I024R
2495	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/303 y F/2023/304	UIT17I024S
2496	26/12/23	Aprobación do expediente de contratación da execución da obra: Mellora da seguridade vial e renovación do pavimento da rúa Irmáns Suárez Ferrín, incluída no POS+2023	UCP17I014X
2497	26/12/23	Transferencia de crédito. Transporte metropolitano de Galicia. Liquidación achegas 2022-23	UEH17I00AH
2498	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/366 Gerosalud	UIT17I024T
2499	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/368 Reparos Cultura	UIT17I024U
2500	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/380 Reparos Cultura	UIT17I024V
2501	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/373 Reparos Educación.	UIT17I024W
2502	26/12/23	Resolución concesión PEEIS (R.V.C)	UBS17I04DY
2503	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/371 Reparos Xuventude.	UIT17I024X
2504	26/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/381 Reparos Conservatorio.	UIY17I024Y

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2505	26/12/23	Concesión bonificación na taxa por consumo de auga familia numerosa CVR.	URE17I01C3
2506	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa por consumo de auga e servizo de alcantarillado MCSF.	URE17I01H2
2507	26/12/23	Concesión prórroga na bonificación taxa consumo auga familias numerosas DMC.	URE17I01H4
2508	26/12/23	Concesión prórroga na bonificación taxa consumo auga familias numerosas OFA.	URE17I01H6
2509	26/12/23	Concesión prórroga na bonificación taxa consumo auga familias numerosas VMG.	URE17I01H7
2510	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa por consumo de auga e servizo de alcantarillado por familia numerosa.	URE17I01HC
2511	26/12/23	Concesión bonificación na taxa por consumo de auga e servizo de alcantarillado por familia numerosa JMVB.	URE17I01HD
2512	26/12/23	Concesión prórroga bonificación taxa consumo auga familias numerosas MGVR	URE17I01HG
2513	26/12/23	Concesión bonificación na taxa da auga para as familias numerosas MJGB	URE17I01GT
2514	26/12/23	Concesión bonificación na taxa por consumo de auga para as familias numerosas SHDD.	URE17I01GV
2515	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas JMVR	URE17I01HQ
2516	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas RIB	URE17I01HR
2517	26/12/23	Resolución denegación redución de factura por consumo excesivo de auga (volume desproporcionado por avería) ACF	URE17I01FX
2518	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas AMLC	URE17I01I2

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2519	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas AMGR	URE17I01I3
2520	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas MJSP	URE17I01I4
2521	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas CVL	URE17I01I5
2522	26/12/23	Concesión bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas CGOO	URE17I01I9
2523	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas ADAS	URE17I01IO
2524	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas BAF	URE17I01IQ
2525	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas LAGV	URE17I01IR
2526	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas MCAV	URE17I01IT
2527	26/12/23	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas MMAP	URE17I01IV
2528	27/12/23	Resolución concesión PEEIS (S.S.S.)	UBS17I04EV
2529	27/12/23	Resolución concesión PEEIS (A.J.R.A)	UBS17I04EU
2530	27/12/23	Denegación axudas (A.R.R.)	UBS17I04IP
2531	27/12/23	Resolución desestimento PEEIS (A.P.B.D.S.L)	UBS17I04IQ
2532	27/12/23	Resolución autorización de pago PEEIS (I.F.C.)	UBS17I04ES
2533	27/12/23	Resolución denegación PEEIS (R.L.D.R.C.)	UBS17I04IT

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2534	27/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/354 Reparación Dinamización	UIT17I025K
2535	27/12/23	Convocatoria sesión extraordinaria urgente do Pleno Municipal o día 28-12-2023	USG17I06SO
2536	28/12/23	Resolución compensación débedas Gestagua SA (padrón 1º trimestre 2023)	UIT17I025O
2537	28/12/23	Resolución compensación débedas Gestagua SA (padrón 12 trimestre 2023)	UIT17I025P
2538	28/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/384 Reparación Deportes	UIT17I025Q
2539	28/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/378 C.P. Parque Empresarial Alvedro	UIT17I025Y
2540	28/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/387 Xantar na casa (xullo, agosto e setembro 2023)	UIT17I0262
2541	28/12/23	Adxudicación do contrato para a execución da obra contención de talude e reparación de firme na confluencia das rúas da Telva e Rochela, en Almeiras.	UCP17I0150
2542	28/12/23	Adxudicación do contrato: Mellora da rede de sumidoiros na R/. Fonte do Souto, na R/. Tarrío e na R/. Leonzas	UCP17I015E
2543	28/12/23	Resolución aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra "Renovación do viario VP-124 en Fonte da Balsa. Concello de Culleredo"	UME17I04DW
2544	28/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/394 Reparación Conservatorio	UIT17I026A
2545	28/12/23	Ordenación de pago ao Concello de Pontedeume en concepto de transferencia pola contraprestación económica do persoal colaborador N.P.S durante os meses de xuño e xullo de 2023.	UIT17I0269
2546	28/12/23	R Aprobación recibos de cotización do mes de novembro -período liquidación decembro de 2023	UPO17I02TL

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2547	28/12/23	IPR y fiscalización Aprobación nóminas empregados mes de decembro de 2023	UPO17I02TD
2548	29/12/23	Proxecto de reforma de Plaza de Galicia y su entorno.	UME17I04E9
2549	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/367 Reparación Policía.	UIT17I026G
2550	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/375 Reparación Medio Ambiente.	UIT17I026H
2551	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/393 Reparación Medio Ambiente.	UIT17I026J
2552	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/397 Reparación Cultura.	UIT17I026K
2553	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/398 Reparación Deportes	UIT17I026L
2554	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/399 Reparación Participación Ciudadana	UIT17I026N
2555	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/386	UIT17I026P
2556	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/361 Reparación Voluntarios Protección Civil	UIT17I026T
2557	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/392 Reparación Medio Ambiente (compensación abono)	UIT17I026O
2558	29/12/23	Resolución pago nómina ordinaria decembro 2023.	UIT17I026I
2559	29/12/23	Resolución ordenación pago recibos liquidación seg sociais nov23	UIT17I026M
2560	29/12/23	Aprobación de facturas F/2023/400 Reparación Medio Ambiente.	UIT17I0273
2561	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/402	UIT17I0274
2562	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/403	UIT17I0275

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2563	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/389	UIT17I0276
2564	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/404	UIT17I0277
2565	29/12/23	Resolución concesión PEEIS (J.L.B.P)	UBS17I04A2
2566	29/12/23	Resolución concesión PEEIS (R.A.D.S)	UBS17I04AE
2567	29/12/23	Resolución concesión PEEIS (B.A.R.M.)	UBS17I04AF
2568	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/351 Reparó Informática	UIT17I026S
2569	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/369 Reparó Alcaldía	UIT17I026U
2570	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/376 Reparó Alcaldía	UIT17I026V
2571	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/390 Reparó informática	UIT17I026W
2572	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/391 Reparó informática	UIT17I026X
2573	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/364 Reparó Benestar	UIT17I027A
2574	29/12/23	Resolución aprobación certificación núm 3 de data do 22/12/2023, da obra "Trabajos de desbroce y limpieza de cunetas en vías y parcelas de titularidad municipal"	UME17I04EH
2575	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/379 Reparó Benestar	UIT17I027C
2576	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/388 Reparó Benestar	UIT17I027D
2577	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/383 Reparó Benestar	UIT17I027E
2578	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/396 Reparó Policía	UIT17I027F
2579	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/401 Reparó Formación	UIT17I027G

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2580	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/365 Reparación Benestar	UIT17I027H
2581	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/372 Reparación Persoal	UIT17I027I
2582	29/12/23	Resolución aprobación das certificacións núm. 1,2,3,4,5 e 6 do servizo de "Mantemento de viarios para reparacións urxentes"	UME17I04EL
2583	29/12/23	Avocación competencias Cristina Pardo Portos (29.12.2023 a 05.01.2024)	USG17I06UW
2584	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/382 Reparación Deportes Subvención	UIT17I027K
2585	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/395 Reparación Persoal	UIT17I027L
2586	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/288 Reparación Alcaldía	UIT17I027M
2587	29/12/23	Resolución levantamento reparo suspensivo e aprobación das certificacións núm. 05, 06, 07 e 08 da obra "Centro rural dinamizador de persoas maiores en Celas"	UME17I04EM
2588	29/12/23	Resolución levantamento reparo suspensivo e aprobación da certificación FINAL da obra "Rehabilitación do pavimento R/ Penaloureira e no cruce de San Cosme"	UME17I04EN
2589	29/12/23	Resolución Aprobación nóminas atrasos empregados.	PO17I02U1
2590	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/370 Reparación Alcaldía DUSI	UIT17I027P
2591	29/12/23	Resolución atrasos gratificacións servizos extraordinarios exercicio 2023 e anteriores	UIT17I027N
2592	29/12/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/405 y F/2023/406	UIT17I027Q
2593	29/12/23	Cuotas comunidades de propietarios	UIT17I027S
2594	29/12/23	Comunica liquidación das achegas 2022-2023 transporte metropolitano de Galicia	UIT17I027U

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
2595	30/12/23	Adxudicación do contrato de Deseño, produción e aluguer de 10 carrozas e outros recursos materiais e humanos para as cabalgatas de reis do ano 2024	UCP17I015V
1	03/01/24	Eleccións autonómicas 2024 localización farolas para propaganda electoral.	URP18I003E
2	03/01/24	Eleccións autonómicas 18/02/2024 designación locais para mítines.	URP18I003D
3	04/01/24	Resolución concesión do servizo municipal de axuda a domicilio e aceptación da solicitude de desestimento do servizo de xantar na casa de S.D.L e A.M.S	UBS17I04HQ
4	04/01/24	Corrección de erros na resolución número 2331/2023 por medio da cal se acorda a adquisición da parcela con referencia catastral 15031A064000240000OQ	UCP18I000B
5	04/01/24	Resolución aprobación proxecto modificado núm 1 "Rede saneamento na DP-0510"	UME18I000A
6	04/01/24	Resolución autorizando a prestación de servizos en réxime de teletraballo presencial a dona E.B.V	UPO18I000A
7	04/01/24	Resolución licenza de dominio público local para subministración eléctrica para unha vivenda unifamiliar RBTS -SOUTO con SGD 618122100187	UME18I000D
8	04/01/24	Avocación competencias Mario Alfonso Iglesias Gómez	USG18I002Z
9	05/01/24	Servizos mínimos folga indefinida Jardincelas	UAL18I0007
10	05/01/24	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o día 08.01.2024	USG18I0038
11	05/01/24	Servizos mínimos folga indefinida Jardincelas: rectificación de anterior.	UAL18I0008
12	08/01/24	Resolución de dominio público local para RBTS rúa Telva s/n Culleredo con SGD: 618122090124	UME18I000H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
13	09/01/24	Resolución alta condutor asalariado licenza de taxi número 14	UME18I000X
14	09/01/24	Resolución aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra "Reforma del centro social de Orro"	UME18I000Z
15	09/01/24	Resolución concesión PEEIS (M.J.Q.R.)	UBS17I04CD
16	09/01/24	Resolución concesión PEEIS (A.E.R.G)	UBS17I04ET
17	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas JMPC	URE18I000D
18	10/01/24	Concesión bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas GAL	URE18I000F
19	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas MRM	URE18I0004
20	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas CMAQ	URE18I0005
21	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas CPD	URE18I0007
22	10/01/24	Concesión bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas BRS	URE18I000H
23	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas JCPP	URE18I000K
24	10/01/24	Concesión prórroga da bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas MJAA	URE18I000M
25	10/01/24	Concesión bonificación na taxa de consumo de auga para as familias numerosas EMPR	URE18I000O
26	10/01/24	Decreto Sancións Tráfico (Inicio) Al 99500000030564 (Expedientes 24476/2023 e outros)	USC18I0025

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
27	10/01/24	Resolución dominio público local para obras de instalación de rede de baixa tensión subterránea en Ledoño SGD 618121100037	UME18I002B
28	10/01/24	Resolución cambio titularidade da pasaxe permanente núm. 36, de Avda de Ribados, s/n	UME18I002J
29	10/01/24	Decreto Sanción Tráfico DR 13012/2023 (desestimación alegacións)	USC18I0027
30	11/01/24	Prórroga do Orzamento 2023 ao terse iniciado o exercicio 2024 sen que entrara en vigor o correspondente ao exercicio.	UEH18I0004
31	11/01/24	Decreto Sancións Tráfico (DR 99500000030617) (Expedientes 20353/2023, 20354/2023 y 22435/2023)	USC18I002E
32	11/01/24	Resolución denegatoria establecemento praza de aparcadoiro para minusválidos na Praza Sagrada Familia, núm 2	UME18I0032
33	11/01/24	Aprobación listaxe para chamamentos traballadora/or social por programas	UPO18I000U
34	12/01/24	Resolución pago achega promotor plan pensións 2023	UIT17I026Y
35	12/01/24	Resolución designación como letrada do Concello de Culleredo, no PROCEDIMENTO ABREVIADO PA 133/2023-M, á letrada da Compañía de Seguros MAPFRE EMPRESAS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	UAJ18I000T
36	12/01/24	Resolución solicitude informe ao Consello Consultivo	USG18I005C
37	12/01/24	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno Local 15-01-2024	USG18I005A
38	12/01/24	Resolución pago costas judiciales	UPO18I001D
39	12/01/24	Resolución concesión servizo municipal de axuda a domicilio a L.M.P.M.	UBS18I000V
40	12/01/24	Resolución concesión servizo municipal de axuda no fogar a S.L.G.	UBS18I0010

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
41	15/01/24	Baixa de oficio, acordo consello de empadronamento 20/12/2023.	URP18I00U8
42	15/01/24	Lista definitiva dos/as admitidos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza de locutor/a (III))	UPO17I01E4
43	15/01/24	Lista definitiva dos/as admitidos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal (1 praza técnico de son-locutor (IV))	UPO17I00M2
44	15/01/24	Solicita licenza de pasaxe permanente na Rúa Choeira , núm 17	UME18I0048
45	16/01/24	Resolución licenza dominio público local para instalación de rede de baixa tensión no lugar de Vinxeira Grande, 6- CULLEREDO SGD: 618123030046	UME18I004B
46	16/01/24	Resolución licenza dominio público local para instalación de liña subterránea de Baixa Tensión na rúa Wenceslao Leopoldo Blanco, s/n -CULLEREDO con SGD: 618122070030	UME18I004F
47	16/01/24	Resolución licenza de dominio público local para instalación dunha liña de baixa tensión subterránea en Peiro de Arriba, s/n SGD:618123060003	UME18I004L
48	16/01/24	Resolución concesión renovación provisional de tarxeta de estacionamento por razóns humanitarias a S.R.S.M	UBS18I002M
49	16/01/24	Resolución denegación tarxeta de estacionamento de J.F.G.R.S.	UBS18I001L
50	17/01/24	Resolución licenza dominio público local para subministro eléctrico RBTS Polígono 61 Parcela 245 no Lugar Vinxeira SGD:618123040108	UME18I004U
51	17/01/24	Resolución licenza dominio público local para subministro de rede de Baixa Tensión subterránea en Ledoño (Centro Loxístico) parcela P-84, SGD: 618121090014	UME18I005G

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
52	17/01/24	Resolución licenza dominio público local para instalación de liña de Baixa Tensión subterránea en Ledoño s/n SGD: 618122010172	UME18I005I
53	17/01/24	Resolución licenza de dominio público local para instalación de bolardos na rúa Pasaxe 2	UME18I005M
54	17/01/24	Resolución ordenación pago costas sentenza PA 182/2017	UIT18I000E
55	17/01/24	Resolucións ordenación de pago PEEIS I.F.C	UIT18I000M
56	18/01/24	Decreto Sancións Tráfico (DR 99500000030640) (Expediente 19966/2023)	USC18I002M
57	18/01/24	Decreto Sancións Tráfico (Inicio) Al 99500000030658 (Expedientes 110/2024 e outros)	USC18I002N
58	18/01/24	Pago retencións e ingresos a conta IRPF (mod 115) alugueiros 4T/2023	UIT18I000T
59	18/01/24	Pago retencións e ingresos a conta IRPF (mod 111) mes decembro23	UIT18I000U
60	18/01/24	Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno do 23.01.2024	USG18I00LK
61	18/01/24	Resolución concesión servizo municipal de axuda no fogar a M.L.R.F.	UBS18I002S
62	18/01/24	Resolución incorporación a lista de agarda do servizo de xantar na casa a F.R.L	UBS18I002W
63	18/01/24	Resolución concesión servizo municipal de axuda a domicilio J.L.L.C	UBS18I002Y
64	18/01/24	Resolución concesión servizo de teleasistencia domiciliaria a J.J.L.C.	UBS18I0030
65	18/01/24	Convocatoria proceso selectivo consolidación e estabilización de emprego temporal 1 praza locutor (III) e 1 praza de técnico de son-locutor (IV)	USG18I00MR
66	18/01/24	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Cohesión Social e Réxime Interior do 23.01.2024	USG18I0009

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
67	18/01/24	Padrón de facturación auga correspondente ao cuarto trimestre 2023	URE18I000X
68	18/01/24	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Dinamización Social do 23.01.2024	USG18I000B
69	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS A.J.R.A.	UIT18I000P
70	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS S.S.S.	UIT18I000V
71	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS R.V.C.	UIT18I000W
72	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (K.Y.C.A.)	UIT18I000X
73	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (R.A.D.S)	UIT18I000Y
74	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (B.A.R.M.)	UIT18I000Z
75	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (J.L.B.P)	UIT18I0010
76	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (A.E.R.G.)	UIT18I0011
77	19/01/24	Resolución ordenación de pago PEEIS (M.J.Q.R.)	UIT18I0013
78	19/01/24	Resolución aprobación Taxa da Comunidade Autónoma de Galicia	UIT18I001U
79	19/01/24	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 22/01/2024	USG18I00RL
80	22/01/24	Resolución pola que se outorga licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 192 a dona C.M.F con NIF núm. ***0869**	UME18I007V
81	22/01/24	Servizos extraordinarios M.N.R. ano 2024	UPO18I004S
82	22/01/24	Resolución baixa por caducidade B.O.E 22/12/2023	URP18I01GK

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
83	22/01/24	Expediente baixa por caducidade xullo e agosto 2023	URP18I01IN
84	22/01/24	Expediente baixas de oficio expediente 2023/585	URP18I01IR
85	22/01/24	Expediente baixa por caducidade xaneiro febreiro 2023	URP18I01IT
86	22/01/24	Expediente baixa por caducidade setembro 2023	URP18I01IU
87	22/01/24	Expediente baixa por caducidade outubro 2022	URP18I01IW
88	22/01/24	Expediente baixa por caducidade ficheiro B22	URP18I01IY
89	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (A.B.R.)	UBS18I0054
90	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (M.E.L.M)	UBS18I0053
91	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (J.H.D.)	UBS18I0051
92	22/01/24	Suplencia alcaldía os días 23, 24 e 25 de xaneiro de 2024	USG18I00U7
93	22/01/24	Resolución deixando sen efecto a avocación de competencias feita por resolución 8/2024	USG18I00U9
94	22/01/24	Mantemento correctivo de Opencertiac	UCP18I001R
95	22/01/24	Mantemento e soporte de WINTASK PLUSVALÍAS	UCP18I001P
96	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (I.M.D.A.)	UBS18I0052
97	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (S.O.L)	UBS18I0056
98	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (T.L.F.S.)	UBS18I0057
99	22/01/24	Resolución concesión PEEIS (R.A.L.)	UBS18I0058
100	22/01/24	Solicitud de acceso do Concelleiro do PP de Culleredo, D. José Antonio Golpe Faraldo á resolución da Alcaldía 2328 de 30/11/23. Concesión.	UAL18I0014

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
101	22/01/24	Solicitud de acceso do Concelleiro do PP de Culleredo, D. José Antonio Golpe Faraldo á resolución da Alcaldía 2331 de 30/11/23. Concesión.	UAL18I0016
102	22/01/24	Solicitud de acceso do Concelleiro do PP de Culleredo, D. Juan Carlos Leites Maneiro, as resolucións de Alcaldía UME17I0452, UIT17I0209 e UIT17I0208. Concesión.	UAL18I0017
103	22/01/24	Solicitud de acceso do Concelleiro do PP de Culleredo, D. Juan Carlos Leites Maneiro, ó expediente UCP/2021/127 relativo á rehabilitación do polideportivo municipal de Tarrío. Concesión.	UAL18I000L
104	22/01/24	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Presidencia o 25.01.2024	USG18I00TK
105	22/01/24	Solicitud de acceso do Concelleiro do PP de Culleredo, D. Marco Antonio Pazos Regueiro ós expedientes UCP/2022/92, UCP/2021/114 e UCP/2020/2014: Concesión de acceso a UCP/2022/92 e UCP/2021/114 subsanación de solicitud respecto do expediente UCP/2020/2014.	UAL18I001D
106	22/01/24	Solicitud de acceso da Concelleira do PP de Culleredo, D. Izaskun García Gorostizu ós expedientes UCP/2022/98 e UCP/2021/144: Concesión.	UAL18I001G
107	23/01/24	RESOLUCIÓN solicitar a subvención convocada pola Secretaría Xeral da Igualdade para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, a través da contratación de 4 mulleres (conserxes/xornada completa)	UFE18I001W
108	23/01/24	Resolución concesión PEEIS (Y.A.C.S)	UBS18I0055
109	23/01/24	Resolución inscrición asociación no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo co número 184	USG18I00W4
110	23/01/24	Resolución concesión PEEIS (N.E.M.G)	UBS18I0050
111	23/01/24	Resolución de cese de DNO	UPO18I0058

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
112	23/01/24	Resolución aprazamento permiso parental a CLF	UPO18I0059
113	23/01/24	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 25.01.2024	USG18I00W6
114	24/01/24	Decreto Sancións Tráfico (Inicio) Al 99500000030719 (Expedientes 295/2024 e outros)	USC18I0031

8.- ASUNTOS DE URXENCIA

A Presidencia informa de que non hai ningún asunto para tratar neste punto da orde do día.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen algún rogo ou algunha pregunta para facer.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que ten varias preguntas e pasa a relacionar o seguinte:

* En que estado de tramitación están as solicitudes de obras feitas polos veciños da rúa Miguesas?

* En que estado de tramitación se atopa o listado de obras trasladado polos veciños de Almeiras e na súa representación a Asociación de Veciños?

* Respecto da rúa Aguaceiros, na Zapateira, preto do colexio Andaina, teñen problemas en relación co alumado público, a seguridade viaria, a limpeza viaria, etc., que trasladaron en diferentes escritos ao longo dos pasados anos e que non tiveron resposta, queren saber en que situación está.

* En que estado de tramitación está a actualización da páxina web e da nova sede electrónica aprobada recentemente nunha moción e que entenden ten urxencia manifesta que todos recoñeceron.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que no departamento de Informática se está a facer o proxecto para convidar ás empresas que poidan mellorar a páxina web; respecto da Administración electrónica vánselle dar ás atribucións á

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

Secretaría municipal para estudar todo o ámbito global e transversal das distintas áreas para a implantación dun novo modelo de sede electrónica. Estase cos trámites e se lle deu a atribución ao Secretario municipal para facer os trámites e aínda que cre que está moi avanzado o tema, non se trata dunha cuestión menor.

Respecto da Rúa Miguéas, desde o servizo de Medio Ambiente e desde Patrimonio están a determinar a titularidade do solo porque hai un camiño que pasa por algunhas das vivendas desa rúa que non está no inventario municipal e habería que incluílo e no que atinxe ao saneamento nesa rúa foi un compromiso cos veciños que habitan os primeiros puntos de que o Concello achegara os pozos pero a propia ordenanza do Concello xa obriga a que, ao haber un pozo a menos de 300 metros, os veciños se conecten a el; cre que estes días xa estarán en disposición de facer unha análise máis exhaustiva desta situación e poder contratala.

Respecto da rúa Aguaceiros preto do colexio Andaina di que aí limita Culleredo co Concello da Coruña e hai un acordo entre os concellos porque hai unha problemática de cesión de terreos por parte de particulares, en canto ao alumeadado, xa se están a realizar os estudos pertinentes.

En Almeiras hai unha serie de proxectos encargados para realizar en diferentes rúas e cita por exemplo a que vai licitar a Deputación provincial, a construción de beirarrúas e a seguridade peonil na rúa San Xiao ata o límite co tramo municipal, na avenida de Almeiras; hai un proxecto tamén na rúa Silva na que hai que facer diferentes cortes por canalizacións que houbo que facer por temas de auga, luz, etc.; tamén se vai actuar na rúa Regueira e no camiño da Igrexa estase en contacto con diversos propietarios porque hai unhas árbores que están a pique de caer e as raíces levantan o asfalto; na rúa Arcebispo Xelmírez se está a preparar un proxecto porque afecta ao Camiño de Santiago para tratar de ensanchar a calzada atendendo indicacións de Patrimonio da Xunta de Galicia; na rúa Pereiros hai un talude con risco de desprendemento e se está a negociar cos propietarios para unha cesión gratuíta que posibilite ao Concello para anchar a calzada e facer un muro de contención que dea seguridade á rúa; na rúa Telva hai que facer tamén un muro de contención, estando xa a retención de crédito para acometer a obra; outra das reivindicacións é na avenida de Almeiras, na altura dos Pelamios, se está a negociar a compra dunha finca para poñer unha praza aproveitando algunha subvención que poida haber a nivel europeo para o Camiño inglés. Di que hai unha cita coa asociación de veciños para explicarlle todos estes proxectos e aclarar as dúbidas que poidan ter.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez quen unha vez concedido, di que hai pouco púxose á exposición pública un expediente de Augas de Galiza correspondente a

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

unha solicitude de recheo na parroquia de Orro debido a que nesa finca concorren elementos patrimoniais tanto naturais como industriais e existe unha acción pendente do Concello sobre a mesma en canto á recuperación do camiño de Orro a Ledoño; roga que se informe se se fixeron alegacións a dito expediente e tamén que exerza a defensa do patrimonio alí existente como son o muíño da Regueira e o bosque de ribeira que representa un hábitat prioritario europeo código 91E*0; pide tamén para o rego de Orro que xa sufriu bastante coas canalizacións que produciu o polígono de Ledoño e pregunta polo estado en que se atopa a recuperación do camiño de Orro a Ledoño despois de que fora aprobada por unanimidade do Pleno en dúas ocasións nos anos 2018 e 2019.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e, en relación co expediente de Augas de Galicia, pide que se concrete un pouco mellor a que expediente se refire porque hai varios expedientes con Augas de Galicia no núcleo de Orro.

Responde o Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez e di que lle pode dicir o número de expediente que é o DH.W15.92409 e que é a finca que contén o muíño da Regueira.

O Sr. Alcalde di que pensa que se trata dun muíño dun particular.

Responde o Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez e di que si pero que está catalogado co código 1113 polo propio Concello de Culleredo.

O Sr. Alcalde di que si pero que é particular; respecto da estrada de Orro a Ledoño mantívose unha conversa a pasada semana co Ministerio de Agricultura xa que no tramo do Xalo vaise intentar solicitar unha subvención a través de Camiños Naturais que financia o Ministerio de Agricultura a nivel de comarca e non só do Concello; a prioridade neste momento, que vertebra tamén a parroquia de Orro e Ledoño e o lugar de Bregua e Boedo é a Vía Verde, pola vía do tren, que é un proxecto xa rematado que vai ir a Vías Verdes para que se valide e se financie; respecto do camiño indicado polo Sr. Villarrenaga di que hai que facer un borrador ou un anteprojecto que indique as necesidades para poder valoralo e obter financiamento alleo porque segundo lles indicaron o orzamento ascende a un millón trescentos mil euros aproximadamente.

O Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez di que fai o rogo de que o Concello faga efectiva a protección do bosque da ribeira alí existente, que é un hábitat prioritario europeo, así como o rego de Orro, que está en moi mal estado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que respecto da estrada de Ledoño houbo recentemente outro accidente no punto tan conflictivo que presenta e roga que o Sr. Alcalde comunique

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

á Xunta de Galicia a perigosidade que hai nesa zona e reitere a petición dun paso seguro nesa estrada.

Respecto do Pazo dos Serrano di que volve estar en exposición pública pero a xente que alegou no seu momento non recibiu resposta ás súas alegacións.

Responde o Sr. Alcalde e di que o consultará para ver que pasou.

O Sr. Chouciño Garrido pregunta polas responsabilidades que se derivan da cesión de locais municipais porque recentemente condenouse ao Concello a pagar máis dun millón de euros unha vez máis polo local de Villa Melania e na prensa, onde unha vez máis o goberno municipal trata de converter os fracasos en éxitos, podíase ler que por fin Villa Melania ía poder inscribirse como municipal; pregunta se o edificio de Vila Melania e todo o seu recinto en Vilaboa están no inventario municipal ou non e se existen as correspondentes escrituras de propiedade ou se, pola contra, se estará incorrendo nesas irresponsabilidades derivadas de ter alí actividades municipais nun inmovible que non reúne os requisitos necesarios para elo.

Responde o Sr. Alcalde e di que está no inventario que está publicado no portal de transparencia do Concello, na páxina 27, está o edificio Villa Melania, a casa do caseiro, etc, na acta de relación de estradas e infraestruturas.

O Sr. Chouciño Garrido roga que se dea aviso para que se lle envíe unha ligazón a esa publicación.

O Sr. Alcalde-presidente di que está publicado.

O Sr. Chouciño Garrido di que eles non o atopan.

O Sr. Alcalde-presidente di que está publicado na páxina web onde hai unha relación de bens inventariados do Concello de Culleredo en documento PDF no que se atopa Villa Melania nas tres acepcións.

A Sra. García Gorostizu di que ela tampouco o atopou e lle pide ao Sr. Alcalde que llo amose.

O Sr. Alcalde di que si está Villa Melania con tres acepcións: caseiro, alpendre e edificio.

O Sr. Chouciño Garrido di que veñen de ver hai uns días, tamén dunha forma triunfalista, a cuestión do IBI da AP-9 onde o Sr. Alcalde de Culleredo e o Sr. Santiso cualificaban como de gran éxito que a partir deste ano se comece a cobrar cando é algo que hai que facer de oficio pois remata o prazo concedido para a bonificación. Non lembra se no ano 2016 ou 2017 o Sr. Santiso, alcalde de Abegondo, promoveu unha acción por vía dun despacho de avogados que é o

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

mesmo que se menciona agora, o feito de que a bonificación do IBI para a autoestrada era ilegal desde o seu inicio debido a que a autoestrada era propiedade por concesión dunha sociedade que pasou a ter esa concesión despois de que a autoestrada, anteriormente, fora de titularidade estatal; pregunta que pasou con aquela reclamación xudicial na que se falaba incluso de levar o tema a instancias europeas e se se decaeu nela porque hai uns meses el lle preguntou ao Sr. Alcalde por esta cuestión de forma espontánea nunha comisión e lle respondeu que aquilo estaba en mans deses avogados e que estaba xudicializado.

O Sr. Alcalde di que Culleredo ten delegada a xestión dese tributo na Deputación provincial, que cobra o Imposto de Bens Inmóbeis; na Lei do 2000 estaba o IBI bonificado para autoestradas nun 95%, e remataba no ano 2024; o Sr. Santiso Miramontes é o alcalde do Concello de Abegondo e el é o alcalde do Concello de Culleredo, pasando a autoestrada por ambos os dous concellos, e ambos tiñan o temor de que se lexislara e se prorrogara desa bonificación pero a propia Deputación provincial, no seu programa informático, xa tiñan unha alarma para recordar que no ano 2024 había que pagar o 100% do IBI, e non o 5% como se estaba a pagar.

El non foi a unha reunión que houbo no Concello de Abegondo no que un gabinete de avogados quería presentar recursos para que os propietarios da autoestrada puideran facer algún tipo de reclamación; el comentou que, nos concellos que teñan os tributos delegados na Deputación provincial, lle corresponde aos servizos xurídicos e tributarios da Deputación pelexar pola defensa dos dereitos dos seus administrados, neste caso os concellos que os delegaron. No que respecta ao Concello de Culleredo lle corresponde polo 100% do IBI unha cantidade de 168.000 euros pero por exemplo no Concello de Abegondo, que estaba a recadar 20.000 euros, pasará a recadar 500.000 euros, pois iso vai en función dos quilómetros de autoestrada que pase por cada un, da cualificación do solo no seu momento, de se teñen ou non algunha área de servizo, etc.

O Sr. Chouciño Garrido di que considera que non se entendeu a súa pregunta pois esta era referida ao que se anunciou nos anos 2016 ou 2017 respecto de que se estaba a demandar a nulidade da lei que asignaba esa bonificación desde o principio; falábase de reclamar que se anulara por ilegal dita bonificación e que podía ascender a 50 millóns de euros a reclamar desde o pasado; pregunta se no Concello e Culleredo hai algunha documentación das accións que se levaron a cabo a respecto das iniciativas que se fixeron e que resultado deron.

O Sr. Alcalde-presidente responde e di que cando un vai a un despacho de avogados vai asesorarse e ten que puntualizar que a bonificación referida non era ilegal pois hai un real decreto-lei que poderá ser máis ou menos xusto pero que lle concede esa bonificación á autoestrada e cre que foi o anterior alcalde á reunión

da que falou o Sr. Chouciño Garrido e nela o gabinete xurídico xa determinou que non procedía esa reclamación e que xa quedaba extinguida a bonificación no ano 2024.

O Sr. Chouciño Garrido di que naquel momento a información que se deu foi que se tiñan iniciado accións xudiciais baseadas na prohibición de apoios estatais a ese tipo de empresas e pon como exemplo que da mesma forma que Astano no pode facer barcos con axudas públicas, a autoestrada non podía recibir unha bonificación dese tipo; di que ese era o principio de acción naquel momento e que se lles dixo que se emprenderan accións xudiciais polo que o pedirán por escrito por se hai maneira de buscalo.

O Sr. Alcalde-presidente di que non vai haber nada porque hai un real decreto que o establecía e hai que cumprilo e punto.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bouza Teijeiro quen, unha vez concedido, di que veciños e propietarios de nichos no cemiterio de Almeiras fixeron chegar ao seu Grupo municipal a queixa de que existen uns contedores de lixo na esquina do cemiterio que ademais de romper a ornamentación pública do entorno crean unha zona sucia onde hai quen interpreta que é un vertedoiro e aproveita a zona para tirar aí restos de raíces, podas, etc.; moitos deses refugallos acumúlanse na parte traseira dos nichos do cemiterio provocando humidades e xerando maleza que acaba invadindo as construcións polo que roga instar á realización por parte dos servizos técnicos municipais dun estudio para recolocación dos colectores ou ben a súa integración en forma de illa de forma que garde o decoro do conxunto histórico, cultural e paisaxístico da contorna; lembra que polo lugar pasa o Camiño de Santiago e dotar da cartelería necesaria que prohiba o vertido fora dos contedores habilitados para tal fin, incluír no estudio o orzamento necesario para buscar a forma de financiamento máis adecuada para a posible execución material.

O Sr. Alcalde-presidente responde que toma nota de rogo pero que xa en reiteradas ocasións se lle pasou ao Consorcio das Mariñas que intentou reubicar os contedores e, pola importancia da zona tal e como apuntou o Sr. Bouza, considerouse que a mellor ubicación era a que ten independentemente de que si haxa que facer un mantemento, do que toma nota, tendo en conta a maiores a sensibilidade das persoas que teñen no lugar as súas persoas falecidas.

O Sr. Bouza Teijeiro apunta que o seu Grupo, aínda que consideran que os técnicos municipais poderán dicilo mellor que eles, o que pensou foi en que non pareza un vertedoiro e que os contedores non estiveran soltos e non dera a impresión que dá de poder verter alí de calquera forma.

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández Gonzalez quen, unha vez concedido, di que vista a documentación sobre os cuadrantes da Policía Local que se puxo á súa disposición e recompilando información dos mesmos rogan que se revise o programa informático dos cuadrantes para que queden rexistrados os cambios de quenda con data, motivo e sinatura, é dicir, que exista un control de cambios e que quede rexistrado sen necesidade de que un funcionario o faga.

O Sr. Alcalde-presidente di que neste momento o está a facer un funcionario.

Responde afirmativamente a Sra. Fernández González e di que se trata de que o programa o faga automaticamente; queren preguntar tamén por unha actuación en Culleredo que está anunciando a orquestra París de Noia e que gasto lle vai supoñer ao Concello.

Responde o concelleiro do grupo de goberno, Sr. Iglesias Lovelle, e di que a actuación é o venres, 16 de febreiro, festa do entroido pequeno; respecto do custo que representa para o Concello di que se está a mirar e que, en cando dispoña do importe, llo pasarán.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Golpe Faraldo quen, unha vez concedido, di que a Fonte de Balsa estaba no que se coñece agora como Canaval e era moi popular por mor da calidade da súa auga, tendo que cruzar unha ponte para acceder a ela, pouco máis que unha táboa que colocaran a tal fin os propietarios do muíño que tiñan tamén alí un cazo de aluminio que todos os veciños usaban para beber.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e lle pide ao Sr. Golpe Faraldo que formulen preguntas breves e concisas.

Retoma a súa intervención o Sr. Golpe Faraldo e di que toda a zona da que está a falar sufriu unha transformación a principios de século coa construción do paseo fluvial ao longo do Rego de Trabe e ese manantial quedou sepultado, algo que lamentan profundamente todos os veciños; o muíño sufriu unha reconstrución a mans da escola-taller de Culleredo; en menos de 10 anos pasou de ser un maxestuoso edificio centenario de pedra a ser unha ruína, un botellódromo, un cenagal, un criadero de anfibios, un cúmulo de basura e un perigo para a seguridade cidadá; os donos do muíño, ao igual que os propietarios dos terreos que ocupou o Paseo cederon as súas propiedades a través dun deses convenios que se usaban tanto no Concello de Culleredo antigamente e que agora se sofren como é o caso de Villa Melania por nomear un de tantos; hai uns anos tiveron noticia de que había un proceso xudicial aberto no que se reclamaba ao Concello polo estado ruinoso desa propiedade e o propio Sr. Rioboo Castro, no ano 2020,

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG1810340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

aseguraba en prensa que existían dúbidas xurídicas acerca da súa titularidade; pregunta cal é o estado actual desa propiedade, se o Sr. Alcalde disipou xa as dúbidas que tiña acerca da titularidade e se se trata dun ben municipal e, se é así, se segue existindo ese plan de reforma integral que anunciaba o Sr. Rioboo Castro na Voz de Galicia no ano 2020 que ía afectar a toda esa zona ou se quedou nunha máis das súas promesas baleiras.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que é municipal e que se vai arranxar, invitando ao Sr. Golpe Faraldo a colaborar en dito arranxo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Leites Maneiro quen, unha vez concedido, di que o pasado día 20 de novembro, un veciño da rúa Pablo Picasso no Burgo presentou no Rexistro municipal (número de entrada 2023/12363) unha solicitude de acondicionamento urxente de dita rúa na que se expoñían cinco puntos de motivación; a pregunta é se o concelleiro correspondente respondeu a dita solicitude e, en caso afirmativo, queren saber en que data se contestou e se se van levar a cabo as peticións ou, en caso negativo, saber cal é o motivo da non contestación.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o concelleiro do equipo de goberno, Sr. Liñares Gestal, e di que non se contestou ao escrito referido porque os técnicos municipais están a ver a viabilidade de facer todas as reparacións que se solicitan; intentarase facer o mesmo que se fixo coas beirarrúas que xa se repararon nesa zona por mor doutra solicitude por un tema de accesibilidade pero de momento non se lle contestou.

O Sr. Alcalde-presidente di que a obra que xa se fixo nesa zona fíxose cun carácter de urxencia porque aí vive unha persoa cunha discapacidade importante.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pazos Regueiro quen, unha vez concedido, di que chegaron ao seu Grupo queixas de varios centros sociais; no centro social de Sueiro, por exemplo, chove dentro do centro novo, e deron aviso ao concelleiro delegado para que pasase por alí para ver o que pasa e fixo caso omiso da petición pese a que segue chovendo; o centro social de Sésamo segue coas estanterías tiradas no chan desde antes xa das eleccións municipais, recibindo promesas e máis promesas e ofrecementos de que ía axudar aos veciños a colocar as estanterías e os libros pero aínda seguen agardando; un veciño de Vilaboa, da rúa Muíños, número 3, leva 14 anos agardando polo saneamento pese a ter pagado xa a acometida e pese ás múltiples reclamacións que fixo.

O Sr. Alcalde-presidente indica que hai que mirar o tema do saneamento referido; respecto do centro social de Sueiro di que o canalón está atascado polas follas, sendo moi propenso a elo polo tipo de disposición que se marcou no canalón; non

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

sabe se se foi xa limpar o canalón ou se van ir pronto porque lles preocupaba que fora un tema construtivo e comprobaron que se trata do canalón que non é exterior e o colocaron dentro da propia estrutura e cando se atasca filtra auga para dentro.

O Sr. Pazos Regueiro di que se trata dunha obra nova.

O Sr. Alcalde-presidente lle pregunta ao Sr. Pazos se é aparellador ou arquitecto.

Responde o Sr. Pazos Regueiro e di que el pregunta a xente que sabe e que xa é a terceira vez que o Sr. Alcalde lle falta ao respecto dicíndolle se sabe ou se non sabe do que está a falar.

O Sr. Alcalde-presidente di que o pleno é ordinario porque está fixado nunha data determinada e non porque sexa un pleno de baixezas nas expresións e nos tons.

O Sr. Pazos Regueiro di que baixeza é a que presenta o Sr. Alcalde ao menospreciar a quen fala e lle pregunta se van ir revisar o centro.

Responde o Sr. Alcalde e di que xa foron.

O Sr. Pazos Regueiro di que de momento non foi ninguén.

O Sr. Alcalde-presidente di que o pasado venres estiveron cos alí.

O Sr. Pazos Regueiro di que falou con eles esta tarde e que lle din que non foi ninguén e que sigue chovendo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no mes de marzo do 2023 presentou unha pregunta por escrito respecto do total de convenios urbanísticos asinados polo Concello de Culleredo con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016, do solo de Galicia, con obxecto da obtención por parte do Concello dos solos necesarios para acreditar a total disposición dos terreos necesarios para a construción do Paseo Marítimo do Burgo, o Paseo Fluvial do Río Trabe e a avenida Xoan Carlos I, así como as reclamacións efectuadas por propietarios deses solos na orde administrativo-xurisdicional ante os graves atrasos na aprobación do Plan Xeral e a imposibilidade de cumprir a obriga do Concello; a contestación do Sr. Alcalde foi que non consta nas dependencias do servizo de Urbanismo expedientes de tramitación de convenios urbanísticos asinados polo Concello de Culleredo con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016; vendo esa resposta preguntou de novo a principios de mes polo número total de convenios urbanísticos en xeral asinados polo Concello de Culleredo con anterioridade a dita Lei, cantas demandas por convenios incumpridos están pendentes de resolución e cantas condenas ao Concello por incumprimento de convenios urbanísticos hai ata a data e as contías económicas

85 de 86

Código do documento	Código do expediente
USG18I0340	USG/2024/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Q16 3H3J 1Q1G 5C6Y 0862	

das indemnizacións; a resposta do Sr. Alcalde foi a mesma, que sobre o número total de convenios urbanísticos asinados polo Concello de Culleredo con anterioridade á entrada en vigor da Lei xa se deu resposta no documento do ano anterior con data de saída 14 de abril de 2023, e inadmite dita petición en tanto xa se deu resposta ao solicitado; pide que, se a resposta que se dá é que non hai ningún convenio urbanístico pendente, se explique como é posible a existencia agora dunha sentenza condenatoria por incumprimento dun convenio por Villa Melania de 1,2 millóns de euros.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que supón que a sentenza referida non ten nada que ver coa pregunta formulada polo Grupo municipal do Partido Popular pois se está a falar dun convenio do ano 2003; que non o sabe para contestar con precisión no pleno á pregunta que se lle fai e que o ten que mirar pois cando se fixo a pregunta para responder consultou cos departamentos técnicos municipais, tanto en Asesoría Xurídica como en Patrimonio, Urbanismo, etc.

A Sra. García Gorostizu pregunta se entón é que non hai ningún convenio urbanístico pendente como se recolle na resposta á súa pregunta, sorprendéndose entón de que sigan saíndo sentencias condenatorias ao Concello por incumprimento de convenios.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que seguramente non teñan nada que ver pero que non o sabe e que lle contestará con máis exactitude cando o consulte.

A Sra. García Gorostizu pide que se lle conteste tamén ao resto de preguntas formuladas sobre cantas demandas por convenios incumpridos e cantas condenas ao Concello por incumprimento e as contías económicas desas indemnizacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e vinte e oito minutos (23:28 h.) do día expresado *“ut supra”*, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu, como Secretario municipal, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H